

infraestruturas

Firman o convenio que permitirá a apertura dos aparcadoiros dos institutos ao público. **Páx. 3**

economía

O personal do SAF manifestouse na cidade en demanda dun convenio digno. **Páx. 8**

sociedade

O HULA mantén aberto un centro para atención de vítimas da violencia de xénero. **Páx. 9**

cultura

A investigadora da USC María García Portela descobre unha nova microalga. **Páx. 18**

deportes

O CD Lugo cambia de propietario e elimina a sección feminina. **Páx. 30**

A cidade queda outro ano sen praia fluvial



Apoio ao Gran Parque Central de Lugo

O BNG recolleu máis de mil sinaturas de aval ao proxecto do espazo da vella estación. **Páx. 4**

Presentan novas actuacións para o San Froilán

Nesta ocasión déronse a coñecer o programa infantil e os espectáculos de rúa. **Páx. 14**

Estudan o aumento de centenarios

RENACE é un proxecto que busca os biomarcadores do envellecemento saudable. **Páx. 20-21**

Asociación xitana



Entrevista a Manuel Vila, da asociación de integración do colectivo. **Páx. 12-13**

Paixón pola música



Diego Flâneur e ünder presentan o seu proxecto musical. **Páx. 15**

Club Xaquedrum



Pablo Castro, presidente da entidade, detalla os próximos proxectos. **Páx.31**



CUIDA TU PIEL ANTES DE LA EXPOSICIÓN SOLAR

Prueba nuestro tratamiento especial (peeling + hidratación) y llévate de regalo un pack de mantenimiento

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

CORPORAL
Tratamientos corporales
Manos y pies

FACIAL
Tratamientos faciales
Cejas y pestañas
Labios y ojos

O PP esixe que a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública estea na cidade

O grupo municipal do Partido Popular de Lugo vén de solicitar que o PSOE e o BNG, como integrantes do goberno local e da Deputación, apoiem sen dúbidas a candidatura da cidade como sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública. Esta petición chega tras a aprobación da creación da Axencia polo Senado e polo Congreso.

A portavoz popular, Elena Candia, xa defendeu esta iniciativa no 2022, fundamentándoa na presenza en Lugo do Laboratorio Central de Saúde Pública, referente nacional en seguridade alimentaria e sanidade animal desde 2014, no funcionamento do Centro Integral de Saúde de A Residencia e no cumprimento dos requisitos do Ministerio, como contar con infraestruturas dispoñibles e atoparse nun territorio afectado pola perda demográfica.

Candia asegura que Lugo está preparada para acoller esta sede, pero insta a PSOE e BNG a deixar de “mirar para outro lado” e demostrar que están dispostos a priorizar os intereses da cidade fronte aos do presidente Pedro Sánchez.

Desde o PP de Lugo subliñan que “non basta con sacar fotos nin facer declaracións oportunistas”, senón que esixen “compromisos claros e accións concretas para defender Lugo”. Advirten ademais que a falta de apoio á proposta suporía renunciar a unha oportunidade única para situar Lugo como referente estatal e internacional en políticas

de saúde pública. Os populares reclaman que o goberno local e a Deputación impulsen formalmente a candidatura de Lugo ante a Xunta de Galicia e o Goberno central, para evitar que se perda outra vez esta oportunidade estratéxica para a cidade.

Desde o Concello de Lugo aseguran “estar á espera de coñecer os criterios e esixencias marcados desde o Goberno de España e analizar se Lugo os cumpre. Se é así, todo o traballo previo canalizarase nunha candidatura oficial”, sosteñen.

Porén, indican que “non existe polo momento un documento definitivo”, xa que o proxecto de Lei para a creación da Axencia limitase a indicar, na súa disposición final primeira, que o Goberno aprobará no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor os estatutos da mesma a proposta conxunta dos ministros de Facenda, Función Pública e Sanidade.

CEL. A Confederación de Empresarios de Lugo tamén solicitou que a futura AESAP estableza a súa sede na cidade de Lugo.

A CEL defende que Lugo representa a localización idónea para acoller esta nova entidade estatal, argumentando que o municipio xa acolle o Laboratorio Central de Saúde Pública de Galicia (LSPG), infraestrutura clave na análise dos datos procedentes dos programas de vixilancia da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Lugo renuncia á apertura da zona de baño no Miño e culpa á Xunta

O Concello de Lugo anunciou que se ve na obriga de renunciar, un verán máis, á apertura da zona de baño no río Miño, malia ter a infraestrutura lista e o persoal de socorrismo contratado.

O motivo, segundo denunciou o alcalde, Miguel Fernández, son as múltiples trabas administrativas impostas pola Xunta de Galicia, que impiden a súa apertura ata, polo menos, o mes de setembro.

O rexedor cualificou a situación de “inadmisíbel” e asegurou que o Goberno galego está a aplicar unha “manobra de dilación clara” para que Lugo non poida ofrecer á veciñanza un espazo seguro para o baño, como si dispoñen outras cidades galegas.

“Presentamos toda a documentación en tempo e forma, temos os informes que nos indicaron, a zona está acondicionada e mesmo contratamos os socorristas. Con todo, a Xunta bloquea o acceso con novos informes e esixencias que poderían ter sido tramitadas antes”, denunciou Fernández.

O alcalde insistiu en que non se trata dun problema puntual ou técnico, senón dunha decisión política que considera discriminatoria: “Todas as cidades teñen acceso ao río dunha maneira cómoda e segura, menos Lugo. Aquí temos a zona acondicionada, pero sen a rampla de acceso ao Miño porque a Xunta o impide. É absolutamente inxusto e a cidadanía debe sabelo”, proclamou.

Para o Goberno local, esta situación supón un novo revés á hora de ofrecer unha alternativa de lecer segu-



ra, accesible e sostible na contorna natural do Miño, un espazo que consideran privilexiado. “Non queremos enganar a ninguén. Fixemos todo o que estaba nas nosas mans, pero a Xunta volve privar a Lugo dun dereito que si teñen outras vilas e cidades”, concluíu o alcalde cunha mensaxe directa á cidadanía.

Pola súa parte, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, culpa ao “deixamento e á xestión ineficaz” do Concello de Lugo da decisión de non instalar este verán a rampla de acceso á zona de baño no río Miño.

Arias considera que o anuncio feito polo alcalde busca “agochar a falta de traballo e previsión do goberno local, botando balóns fóra e culpando á Xunta da súa propia inutilidade”. Engade que “non deixa de sorprender que, nun procedemento que é todos os anos o mesmo, non fagan nada ata unhas semanas antes”.

O delegado defende que a Xunta actuou “coa máxima dilixencia”, respondendo “practicamente dun día para outro” ás solicitudes recibidas

para a tramitación da instalación da rampla. Insiste en que se trata dun procedemento regulado e coñecido polo Concello, xa que se repetiu en exercicios anteriores.

Segundo Arias, “todo semella un plan premeditado para dilatar no tempo a instalación da rampla”. Detalla que a primeira notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil chegou o 21 de maio, e que o 28 xa fora respondida favorablemente pola Xunta, aínda que o organismo de conca non emitiu resolución ata o 30 de xuño.

O 7 de xullo, o Concello, a través da empresa Biosfera Consultoría Medioambiental, solicitou á Dirección Xeral de Patrimonio Natural autorización para realizar unha prospección para comprobar a presenza de náides na zona. Na propia solicitude xa se indicaba que os traballos serían realizados entre xullo e agosto de 2025, cando a autorización da Confederación só abarca do 15 de xuño ao 15 de setembro, “o que reflicte tamén a desidia ou o pouco interese do goberno local”, dixo.





UN REGALO PARA TI

LA SALUD DE TU PIEL SE LO MERECE

VALIDO PARA UN TRATAMIENTO FACIAL FITOBIOLÓGICO

Todos los miércoles en Verxel Herbolario

PIDE TU CITA 982 251 827

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo

Tel.: 982 251 827

josemanuel@verxel.es

www.verxel.es





SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...



MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA

MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS

ELECTRODOMÉSTICOS

REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA

INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, bajo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

Aprobado o convenio para abrir os aparcadoiros dos institutos

O Concello de Lugo e a Subdelegación do Goberno confirmaron este mes a aprobación do convenio que permitirá abrir ao público, fóra do horario lectivo, os aparcadoiros dos institutos de Ramón Ferreiro.

Así se decidiu nunha nova sesión da Xunta Local de Seguridade, presidida polo alcalde Miguel Fernández e pola subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez.

O acordo foi posible tras unha reunión interadministrativa celebrada o pasado mes de abril entre Concello, Xunta, Deputación e Administración Xeral do Estado, na que se pactaron os termos para permitir á Policía Local actuar nos aparcadoiros de titularidade autonómica e provincial.

O acordo chega logo de meses de xestións impulsadas polo Goberno local, que levaba anos reclamando á Xunta de Galicia a dispoñibilidade destes espazos para mitigar a alta presión de estacionamento que soporta a zona. Segundo indicou Miguel Fernández, trátase “dun avance necesario que chega tarde por culpa da falta de vontade política da Xunta”. O rexedor afirmou que “non



existía ningunha razón técnica nin legal para manter pechados estes espazos durante tanto tempo” e lamentou que a Administración autonómica demorase a súa apertura pese a contar desde abril cun marco legal claro para facelo.

O convenio obtivo luz verde da Policía Local e das forzas de seguridade do Estado, que xa consideraban suficiente un modelo único de acordo para todas as administracións implicadas. Porén, a Xunta solicitou asinar un convenio específico, o que obrigou a celebrar esta nova Xunta Local de Seguridade para formalizalo.

Mentres, desde a Xunta sosteñen

que reclamaba dende o primeiro momento a apertura destes espazos coa seguridade xurídica necesaria, posibilitando que a Policía Local poida intervir nestes espazos de titularidade municipal para realizar accións en materia de tráfico e seguridade viaria.

Fernández criticou tamén o retraso nos traballos de adecuación mínima dos aparcadoiros, que dependen directamente da Xunta, e advertiu que “se mañá mesmo non están abertos, será unha proba evidente da súa falta de vontade política para dar resposta a unha demanda histórica da veciñanza de Lugo”.

Inician os contactos cos colectivos afectados pola nova mobilidade

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, iniciou a rolda de encontros cos colectivos afectados polos cambios de mobilidade derivados da peonalización integral do Casco Histórico.

A primeira reunión tivo lugar coa asociación ADIS Lugo, que agrupa ao sector da distribución, e da que o Goberno local fixo unha valoración positiva.

Pola tarde foi a quenda dos reparadores autónomos, e nos seguintes días está previsto manter novas xuntanzas coas asociacións de comerciantes e cos representantes veciñais da zona amurallada. Segundo explicou o rexedor, o obxectivo destas reunións é “recoller as achegas finais dos distintos colectivos que desenvolven a súa actividade no Casco Histórico para axustar o novo modelo de mobilidade dunha forma que sexa o máis eficaz e equilibrada posible para todas as partes implicadas”.

Miguel Fernández insistiu na importancia de converter o centro histórico nun espazo peonil e libre de tráfico de paso, unha actuación que definiu como “unha aposta con visión de cidade, orientada a mellorar a calidade de vida, fomentar un modelo urbano máis sostible e destacar o valor patrimonial da Muralla e do seu contorno”.

Porén, recoñeceu que este proceso require un diálogo constante e unha atención específica aos distintos usos que conviven no recinto, como o residencial, o comercial, o cultural ou o recreativo. O alcalde reiterou que o Goberno local ten a vontade de que o modelo final de mobilidade atenda ás necesidades reais da veciñanza, dos negocios e dos colectivos profesionais que operan no centro. “Só así conseguiremos un Casco Histórico vivo, accesible e plenamente funcional para todas e todos”, concluíu.

Arroxo e Penas falan cos veciños de Otero Pedrayo de novas obras

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza coas veciñas e veciños da rúa Otero Pedrayo para abordar a transformación do treito que conecta esta rúa con Río Sil. Durante o encontro, acordouse coa veciñanza a creación dun novo espazo de convivencia, co obxectivo

de mellorar a calidade de vida e fomentar a participación cidadá na definición dos espazos públicos.

O Goberno de Lugo elaborará un proxecto que permita crear “unha zona de convivencia nesta rúa”, aumentando o espazo peonil e os espazos de convivencia veciñal. Arroxo destacou que a área de Mobilidade busca crear “un espazo referencial

no barrio”, e lembrou que a Tenencia de Alcaldía traballa en construír a cidade dos 5 minutos, na que calquera persoa teña preto unha zona de estar ao aire libre. “Logramos avanzar moito con peonalizacións nos distintos barrios, convertendo carrís innecesarios en beirarrúas amplas e creando novos espazos verdes e zonas de convivencia”.



Clínica dental Mosquera Otero

Registra Sanidade: C27-001349

- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos una razón PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es



Outro residente lamenta que “antes, polo menos, había uns bolar-dos que impedían que os coches invadisen a zona. Estabamos mellor así. Agora non temos ningunha protección fronte a estes comportamentos incívicos e aos posibles atropelos”. A preocupación medra debido ao carácter residencial da contorna. Trátase dun barrio onde viven moitas familias con nenos e que conta tamén cunha gardería e cun centro de día nas proximidades desta nova beirarrúa.

“É unha rúa moi transitada, non só por coches, senón tamén por camións e autobuses, e agora mesmo non hai nin control nin seguridade”, explican. “Imos a peor”, conclúen.

A actuación prevista polo Concello abrangue un treito de 175 metros comprendido entre a Rolda das Fontiñas e a rúa Virxe da Esperanza. Ademais da nova beirarrúa, o proxecto inclúe a reposición do firme da calzada nas zonas máis deterioradas e a instalación de nova sinalización horizontal e vertical co obxectivo de mellorar a seguridade de peóns e vehículos.

Recollen máis de mil sinaturas para facer o Gran Parque Central

verde integrada no centro histórico". O Bloque reclama á Xunta de Galiza que asuma a redacción do proxecto contando cun amplo consenso social e político. Arroso insistiu en que "coa renovación do espazo da actual Estación de Autobuses, a Xunta ten a oportunidade de demostrar o seu compromiso coa cidade, investindo na súa mellora e modernización".

O PSOE cifra o investimento do Goberno central na cidade en 66 millóns de euros

a glorieta de conexión da N-6 coa rúa Alfonso X O Sabio ou a iluminación da rotonda de Nadela. “A rolda norte, a Ponte Branca... son proxectos nos que estamos traballando da man do Goberno de España”. “A valoración non pode ser máis que positiva. Estamos encantados de seguir traballando xuntos, porque están sendo sensibles ás nosas demandas”, concluíu.

Otero reivindicou o impacto directo das políticas do Goberno de Pedro Sánchez na provincia, como a subida histórica das pensións, as bolsas históricas para a mocidade e as axudas ao transporte.



Anuncian o inicio da reparación das beirarrúas do Camiño da Roca

O Edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que o Goberno de Lugo planifica a reparación da beirarrúa do Camiño da Roca, no barrio das Gándaras. Penas explicou que “desde a Tenencia de Alcaldía seguimos traballando ma mellora dos espazos públicos, planificando diversas intervencións base ás visitas aos barrios e ás reclamacións da veciñanza”.

Nas vindeiras semanas comezarán os traballos, que abarcan un tramo de beirarrúa, dunha lonxitude de 108m, e dun ancho de 3m, ademais da conexión entre as dúas beirarrúas paralelas, nunha rampla de 4m de ancho. Os traballos consistirán na demolición das baldosas actuais e dispoñer unha capa de formigón ruleteado, reforzado con fibras estruturais, cun espesor de 15 centímetros.

A Tenencia de Alcaldía planifica a realización destas intervencións nos meses de verán, aproveitando as condicións climáticas favorables desta época do ano, xa que o bo tempo é esencial para garantir a calidade do asfaltado, garantindo que a solución aplicada dure o máximo tempo posible en bo estado. Penas destacou o compromiso da Tenencia de Alcaldía coa mellora das rúas da cidade.

A CHEDA. O Concello iniciou o procedemento de contratación para acometer unha nova actuación de mellora na avenida dos Deportes, no treito comprendido entre a glorieta da Cheda e o Paseo Palestina.

Así o anunciou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, quen explicou que a intervención consistirá na renovación da capa de asfalto máis deteriorada mediante mestura quente e no repintado da sinalización horizontal, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria nesta zona de intenso



tráfico. Segundo indicou Arroxo, esta actuación forma parte da estratexia da Tenencia de Alcaldía para dotar á cidade de infraestruturas seguras e adaptadas ás necesidades da circulación actual. O proxecto céntrase exclusivamente na capa de rodadura, dado que o firme no seu conxunto presenta un bo estado e os defectos localizados non afectan ás capas inferiores.

A obra prevé o fresado superficial de toda a calzada e a aplicación dunha nova capa de rodadura con mestura asfáltica en quente, adaptada ás condicións técnicas necesarias para garantir a durabilidade dos traballos. Así mesmo, incluírase a renovación completa da sinalización horizontal

afectada pola intervención: liñas continuas e discontinuas, pasos de peóns, cebreados, frechas, prazas de estacionamento e zonas de autobús, entre outros elementos. Tamén se pintará a sinalización horizontal ata o acceso ao Estadio Anxo Carro.

Esta mellora sae a licitación cun orzamento base de 96.797,52 euros e un prazo de execución de 90 días. As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 5 de agosto.

Dende a Tenencia de Alcaldía subliñan que esta actuación responde ao compromiso municipal coa mellora continua do espazo público e coa seguridade da veciñanza e dos usuarios das vías urbanas.

Porta de Lugo reclama prazas de aparcadoiro na zona do Sagrado Corazón

A Asociación Veciñal Porta de Lugo, que representa ao barrio do Sagrado Corazón e forma parte da Federación de Asociacións Veciñais da Provincia de Lugo “Lucus Augusti”, trasladou a súa preocupación pola escaseza de prazas de aparcamento que afecta desde hai anos aos residentes, comerciantes e ás persoas que diariamente acoden a esta zona da cidade.

Segundo a entidade, a falta de espazos para estacionar non só complica a vida cotiá dos veciños, senón que tamén contribúe á congestión do tráfico no barrio. Por iso, solicitaron ao

Concello de Lugo que valore a creación de novas prazas de aparcamento para aliviar esta situación.

Como medida prioritaria, a asociación pediu que se inicien conversacións coas persoas propietarias dun solar situado na rúa Venancio Serra, actualmente sen uso, para habilitar ese espazo como aparcamento público.

Esta proposta, segundo destacaron, permitiría aliviar de maneira inmediata a presión sobre o estacionamento na zona e mellorar a mobilidade tanto dos veciños como dos visitantes.

O colectivo da Milagrosa solicita axudas para rehabilitar na zona vella

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa reclama con urxencia a renovación ou creación de plans de rehabilitación de vivenda por parte do Ministerio de Vivenda e da Xunta de Galicia.

O obxectivo é que o Concello poida presentar a documentación técnica elaborada polo Gabinete de Asesoramento Urbanístico (G.A.U.) e, deste modo, os propietarios poidan acceder a subvencións de entre o 30 e o 40 % que permitan acometer melloras nas vivendas da zona vella do barrio.

A entidade veciñal insiste na necesidade de dar prioridade a esta iniciativa, clave para a recuperación urbana dunha parte importante

do barrio da Milagrosa, que conta con arredor de 22.000 habitantes. Lembran que levan anos loitando por unha rehabilitación integral que abrangue as rúas Milagrosa, Julia Minguillón, Yáñez Rebole ou Pintor Villamil, entre outras, onde se sitúan edificios antigos, construídos nas décadas de 1950 e 1960, que carecen de zonas verdes, garaxes e que presentan numerosas deficiencias estruturais.

Entre as necesidades detectadas figuran actuacións sobre fachadas, baixantes de auga, fiestras ou tellados, nunha contorna afectada tamén por problemas como ocupacións ilegais, rúidos, locais de ocio conflictivos e retos relacionados coa integración social e racial.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

A Asociación Terras de Magoi e Fingoi pide un parque infantil e outro biosaludable na zona da Carballeira

A Asociación Veciñal Terras de Magoi e Fingoi vén de solicitar ao Concello de Lugo, en concreto á concellería de Medio Ambiente, a instalación dun parque infantil e outro biosaludable na Carballeira de Campos Novos, situada na Estrada da Granxa.

A proposta xorde como resposta á crecente demanda das familias e das persoas maiores do barrio, que botan en falta espazos próximos para o lecer e o exercicio físico. A entidade veciñal considera que a Carballeira de Campos Novos é un lugar idóneo para este tipo de equipamentos debido á súa localización, amplitude e valor natural, que permiten promover hábitos de vida saudables e a convivencia interxeracional.

Desde a asociación insístese en que calquera intervención debe garantir a preservación íntegra da carballeira, sen danar as árbores nin o seu contorno, e propónse un deseño integrado que respecte a paisaxe. Tamén se salienta que a zona conta con numerosas prazas de estacionamento, o que facilitaría o acceso sen provocar problemas de mobilidade ou saturación.

Ademais da instalación dos novos equipamentos, a asociación solicita a rehabilitación e reparación das mesas e bancos xa existentes na zona, co obxectivo de mellorar as condicións actuais deste espazo natural.

Estas iniciativas, segundo sinalan desde a entidade, buscan mellorar a calidade de vida do barrio, fomentando o aproveitamento responsable dun lugar que pode ser desfrutado por todas as idades e que debe ser coidado e protexido.

EN BREVE



SANTO DOMINGO. A escultura Vieiros de Seu, do escultor coruñés Pepe Galán, unha peza en aceiro corten creada co motivo do Xacobeo 99 está situada agora nos xardíns de Santo Domingo, unha vez rematadas as obras de peonalización e da nova configuración da praza.



CASÁS. A Asociación de Veciños Oliveira Casás, integrada na Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti, vén de expresar a súa preocupación polo estado de deterioración que presentan varias marquesiñas de autobuses urbanos no barrio de Casás. Por este motivo, solicitan unha intervención inmediata para reparar as estruturas danadas



ARMANYÁ. O miliario romano situado na Praza Armanyá, que fora derrubado por un vehículo o pasado 25 de xaneiro, foi recolocado. O incidente polo que se caera a peza provocara danos na peza histórica, que foron avaliados polos servizos técnicos municipais e posteriormente reparados por unha empresa especializada en metalurxia. O proceso de restauración tivo como obxectivo garantir a integridade estrutural e estética do miliario.



PP e veciños de Paradai reclaman a paralización da urbanización do Rato

“Se José Tomé e Miguel Fernández teñen capacidade de escoita e vontade política, poden paralizar de inmediato a urbanización do entorno do Rato en Paradai”. Así o explicaron os voceiros do PP no Concello e na Deputación de Lugo, Elena Candia e Antonio Ameijide, nunha xuntanza con veciños deste barrio, na que tamén participaron concelleiros populares.

Ambos voceiros fixeron esta afirmación tras explicar aos veciños de Paradai os últimos avances realizados por Deputación e Concello de Lugo con respecto á urbanización do polígono C de Paradai, veciños cos que acordaron presentar sendas iniciativas en Concello e Deputación para deter o proceso de urbanización e manter estes espazos como zonas verdes.

Elena Candia afirmou que “Miguel Fernández ten a sartén polo mango, xa que ademais de dicir publicamente que non quere que se constrúa no entorno do Rato, ten que acompañar as súas palabras con decisións políticas”, unhas decisións que “na realidade non se corresponden o que di publicamente co que asina e impulsa nos despachos do Concello e Deputación”.

Neste senso, Antonio Ameijide lamentou esta posición de José Tomé porque “para a Deputación paralizar o desenvolvemento do plan parcial ten un custo de 0€ porque non terá que desembolsar eses 900.000€, senón que unicamente ten que devolverlle os cartos que pagou o empresario hai 18 anos sen obter nada a cambio en 2 décadas”.

Para os populares esta postura de Tomé ten unha clara intención: “ninguén a Miguel Fernández, xa que se o alcalde di que non quere que se constrúan edificios no Rato, Tomé non tarda nin un día en afirmar que vai a desenvolver o plan parcial para trocar a cualificación dos terreos e que se poidan construír edificios na zona verde”.

Pola súa banda, a Plataforma Zona Norte manifestou a súa preocupación pola situación urbanística do plan Paradai e pediu á Xunta de Galicia que aclare se existen conflitos de intereses relacionados coa Xunta de Compensación encargada de xestionar o polígono, ao tempo que reitera o seu rexeitamento á construción dun edificio de oito plantas nas marxes do río Rato, que considera incompatible coa defensa ambiental da zona.





Audinor
audiología avanzada

Expertos en audición desde 1992

¡CUIDANDO DE TU SALUD AUDITIVA!

NO TE DESCONECTES DEL MUNDO

- EVALUAMOS TU AUDICIÓN • ASESORÍA PERSONALIZADA
- Las mejores marcas del mercado como Siemens y Starkey
- Audífonos recargables, a pilas... y con movimientos de sonido

Si realizas tu compra durante la primera quincena de mes tendrás una ¡OFERTA EXCLUSIVA!

Estudio completo de su audición GRATIS siempre con la mejor solución

Avda. de A Coruña, 127 (enfrente a Mercasofá) - 27003 Lugo. Tel.: 982 252 109 - www.audinorlugo.es

E-27-000375

A Confederación retoma as obras de rehabilitación do Muíño de Olga

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) retomou as obras de rehabilitación do Muíño de Olga a finais de xuño, unha vez o nivel das augas do Miño permitiu traballar con seguridade.

O proxecto consiste na execución das obras necesarias para a cesión de uso á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e destinalo a actividades de divulgación do Campus Terra e da Universidade en xeral, especialmente as relacionadas coa hidroloxía, xestión de recursos hídricos do río e a súa fauna, flora, construcións ou etnografía.

Con iso dáse cumprimento ao Convenio asinado entre a CHMS e a USC en data 31 de xullo de 2023, no que o organismo se compromete a sufragar tanto a modificación do proxecto construtivo primitivo, como á execución da obra, a súa dirección e vixilancia e a coordinación da Seguridade e Saúde. O investimento total previsto superará os 750.000 euros.

“Actualmente, as obras están a recuperar o seu impulso inicial tras as



inundacións do pasado inverno que obrigaron a paralizalas” explicou Quiroga. Pódense observar os elementos de protección cobren as fachadas e a estrutura da cuberta, que xa quedou completamente á vista.

“Tamén se realizan as primeiras mostras do rexuntado dos muros de cachotería, tan característicos para os numerosos usuarios do paseo do Miño que pasan a diario ao seu lado” engadiu o presidente.

O avance das obras tamén permitiu visualizar un acceso directo ás canles de entrada de auga que discorren baixo o piso da sala de moenda,

onde se situaban os mecanismos hidráulicos.

A calidade da construción do edificio confírmase unha vez máis ao descubrir un acceso en forma de pirámide truncada con chanzos voadizos para facilitar o descenso ás canles de entrada de auga; ademais, os ocos de paso para as comportas de control de fluxo tamén se atoparon nas mesmas canles.

Melloraranse a demais elementos relacionados co fin orixe como é a instalación dun muíño fariñeiro e unha miniturbina para a produción de enerxía eléctrica.

A Brigada de Obras atendeu no primeiro semestre uns 500 avisos

N balance do traballo realizado pola Brigada Municipal de Vías, Obras e Sinalización durante os primeiros seis meses do ano 2025 figura que se atenderon un total de 515 avisos, procedentes tanto de comunicacións cidadás como das inspeccións realizadas polo propio servizo técnico.

Durante este período, a brigada municipal levou a cabo unha am-

pla variedade de intervencións, como reparacións de beirarrúas por afundimentos ou lousas soltas, melloras de accesibilidade e axustes en pasos peonís; reposicións e correccións de sinalización viaria, tanto vertical como horizontal; eliminación de fochancas para garantir a seguridade da circulación; colocación, retirada ou substitución de bolardos se-

gundo as necesidades detectadas; mantemento de bancos públicos e tapas de rexistro; instalación e axuste de espellos de tráfico e redutores de velocidade; reparacións puntuais en valos e sinalización de prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida; así como actuacións en infraestruturas de mobilidade sostible como aparcabís e infobuses.

EN BREVE



O CASTIÑEIRO. A Asociación de Veciños e Comerciantes Poeta Díaz Castro do barrio do Castiñeiro vén de solicitar formalmente á concellaría de Medio Ambiente do Concello de Lugo a limpeza da maleza acumulada na rúa Poeta Díaz Castro.



A MILAGROSA. A Asociación de Veciños do barrio da Milagrosa solicitou ao Concello unha intervención urxente para ensanchar o estreitamento existente ao final da rúa Mazaira, no punto de conexión coa rúa Juana La Loca. Segundo explica a entidade, este paso, “estreito, incómodo e mal resolto urbanisticamente”, está a actuar como un verdadeiro tapón.



ALEXANDRE BÓVEDA. O Partido Popular lamenta o estado de abandono no que, segundo denuncian, se atopa a rúa Alexandre Bóveda á altura do número 16, logo de meses sen actuacións a pesar das queixas dos residentes e das propostas impulsadas polo grupo municipal popular desde comezos de ano. A formación sostén que as obras anunciadas recentemente non poden xustificar que a zona continúe en mal estado durante meses.

¿Trabajas en una ingeniería o estudio técnico?

Actualiza tu CV gratis y desde casa

EOCO110PO - Revit nivel usuario
EOCO021 - Revit maquetación de planos
EOCO64PO - Gestión de proyectos con metodología BIM
ARGG026PO - Formación Técnica en diseño 2D con LIBRECAD

www.estudiosrafer.es

¿Quieres trabajar como técnico/a informático/a?

Fórmate ahora con el certificado profesional OFICIAL gratis

IFCT0210 OPERACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS

estudiosrafer.es

Plazas limitadas. formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Ministerio de Trabajo y Economía Social | Instituto de Empleo y Formación

estudiosrafer



Cociñas Leydak: deseño, calidade e trato persoal desde Sarria para Galicia

Miguel Ángel López Fernández destaca o traballo artesanal e o compromiso coa clientela

Desde os anos oitenta, Cociñas Leydak forma parte do tecido comercial de Sarria, un negocio que naceu como proxecto familiar e que hoxe continúa impulsando Miguel Ángel López Fernández, xerente. A diferenza fundamental respecto aos inicios radica na aposta por ofrecer un espazo físico onde as persoas interesadas poidan ver de primeira man as cociñas e os acabados cos que traballan. “Antes funcionabamos moito polo boca a boca, sen exposición, pero decidín abrir un local para que a xente vexa as cociñas montadas, os electrodomésticos, os detalles”, explica Miguel Ángel, que destaca a importancia de ensinar o produto xa rematado para que a clientela coñeza de verdade o que está a mercar.

Na exposición de Cociñas Leydak combínase o deseño e a calidade con solucións adaptadas a distintos perfís de comprador. “Traballamos con gama media-alta, cociñas de deseño, pero tamén ofrecemos opcións máis económicas. Queremos orientarnos cara a un público cun poder adquisitivo maior, sen deixar de lado outras opcións”, indica Mi-



guel Ángel.

Nunha cociña, a elección do mesado é clave tanto pola estética como pola funcionalidade. Entre os materiais máis valorados está o granito, resistente, duradeiro e único en cor e veas; o cuarzo compacto, como Silestone, que ofrece variedade de cores, gran resistencia e fácil mantemento; o porcelánico, ideal por ser altamente resistente e de estilo moderno; a madeira tratada, que aporta calidez aínda que require máis coidado; o aceiro inoxidable, propio de cociñas profesionais pola

súa hixiene e resistencia; e o laminado, máis económico e versátil en acabados.

En canto aos electrodomésticos básicos, inclúen as placas de cociña (gas, vitro ou indución), fornos, microondas, campás extractoras, frigoríficos, conxeladores, lavavai-xelas e, ás veces, lavadoras integradas. Tamén se engaden pequenos aparellos como máquinas de café ou robots de cociña. A clave está en combinar materiais de calidade cun deseño personalizado e un bo asesoramento, para crear un es-

pazo práctico e adaptado a cada fogar.

O TRATO AO CLIENTE. A clave do seu modelo de traballo reside na personalización absoluta: “Facemos deseños a medida, adaptados ás ideas de cada persoa. A xente chega cunha idea inicial e nós asesorámola, aportamos solucións e buscamos sempre o mellor para cada caso”. O trato persoal e a formalidade son dous valores que destacan especialmente neste negocio. “O que máis valora a xente é que lles cumprimos os prazos. Moitas veces cóntannos que somos os únicos que realmente facemos o que prometemos. Hai quen vén con présa, pero nós preferimos ser serios e explicar ben os prazos reais, que adoitan ser duns 60 días desde que se asina o contrato ata que queda todo finalizado”, comenta o xerente. Esta seriedade tradúcese nunha carteira de clientes fieis, tanto particulares coma decoradores ou empresas, non só en Sarria, senón tamén en Lugo e noutras zonas de Galicia. No tocante aos materiais, en Cociñas Leydak trabállase con opcións de primeira calidade, desde porce-

lanas ata pedra natural ou materiais compactos. “Temos sempre o mellor do mercado, adaptándonos ao que busca cada persoa”, explica Miguel Ángel. Pero máis alá dos materiais, destaca tamén o servizo integral: “Contamos con fontaneiro, electricista, albanel... e ocupámonos de todo. Eu mesmo levo a dirección das obras, contrato o que faga falta para que o local quede listo e poidamos instalar a cociña”. Un enfoque familiar e próximo que, segundo recoñece, o vive de maneira intensa: “É algo moi persoal, vólcome moito no negocio”.

A día de hoxe, Cociñas Leydak mantén o seu foco principal en Sarria e Lugo, aínda que cunha clientela que abarca toda Galicia. E aínda que boa parte da fidelidade segue chegando polo boca a boca, Miguel Ángel admite que está valorando dar o salto ás redes sociais, especialmente Instagram, para chegar a un público máis amplo e mostrar a calidade dos seus produtos tamén no ámbito dixital.

Con máis de catro décadas de historia, Cociñas Leydak é hoxe un exemplo de negocio familiar que soubo actualizarse sen perder a súa esencia: profesionalidade, calidade e trato humano, desde Sarria para toda Galicia.

Rúa da Liberdade, 88, baixo,

27600 Sarria

646 606 335

O PP propón eliminar a plusvalía en áreas de expansión de núcleo

O PP quere corrixir “unha situación fiscal inxusta” que afecta aos propietarios de fincas que ata a recente aprobación do 5% do PXOM eran rústicas e agora pasan a ser áreas de expansión de núcleo, sen posibilidade de aproveitamento algún, pero tributando como fincas urbanas. Cristina Sanz indicou que queremos ser moi claros con isto porque afecta a moitas familias e está a xerar un fondo malestar “por iso solicitamos ao bipartito que mova ficha e apoie a proposta para estudar unha bonificación do IBI para este tipo de parcelas que pasaron de ser rústicas a estar calificadas como urbanas. Este cambio na cualificación supón un recibo do IBI moito máis alto, como consecuencias do incremento do seu valor por parte do Catastro, así como da aplicación do tipo de IBI de fincas urbanas, que lembremos subiu neste ano un 10% e que en Lugo é o segundo mais alto de Galicia, sen que esas parcelas teñan aínda ningún aproveitamento urbano nin servizos.

Adxudican comedores escolares e anuncian mellor seguridade viaria

Entre os acordos destaca a adxudicación do servizo de comedores escolares por un importe anual de 1.067.146,08 euros.

O contrato, con duración inicial dun ano e prorrogable ata un máximo de cinco, foi outorgado á empresa Alimentación Saludable Galega, que atenderá diariamente a 1.004 nenas e nenos dos centros educativos da cidade. Arroxo destacou que o Concello mantén este servizo esencial para moitas familias, a pesar de que debería ser a Xunta de Galicia a encargada da súa xestión. O menú será común en todos os centros, baseado na estratexia NAOS para unha alimentación saudable e equilibrada, e incluírá opcións alternativas para alumnos con necesidades especiais. Ademais, priorizarase o uso de produtos locais e de proximidade, así

como a cociña próxima aos centros escolares. O tenente alcalde subliñou que o contrato contempla mellores condicións alimentarias que as esixidas polo goberno estatal, como a prohibición do aceite de xirasol e a limitación do uso de fritos a dúas veces ao mes, así como que os menús sexan deseñados por un graduado en nutrición e dietética. Arroxo anunciou unha actuación para aumentar a seguridade viaria na rúa da Industria, no tramo que une Benigno Rivera co Polígono das Gándaras. As obras consistirán na reconfiguración da mediana para mellorar a fluidez do tráfico e a maniobrabilidade dos vehículos industriais, incrementando así a seguridade na zona. A licitación desta actuación sae con un orzamento máximo de 145.643,40 euros e un prazo de execución de cinco anos.



As coidadoras reivindicán uns convenios dignos

Persoal das residencias privadas de maiores e dos Servizos de Axuda no Fogar mobilizouse de xeito simultáneo nas catro provincias galegas para reclamar convenios colectivos xustos, máis persoal e unha mellora na calidade da atención prestada.

As concentracións tiveron lugar diante das xefaturas territoriais de Política Social da Coruña, Vigo, Ourense e Lugo e tamén servíron-lles ás traballadoras para entregar escritos nos que solicitan unha

reunión urxente coa conselleira co obxectivo de abordar a situación crítica que atravesamos o sector.

Estas mobilizacións insírense dentro da campaña que a CIG vén desenvolvendo nos últimos meses para dignificar e recoñecer o traballo no ámbito dos coidados, esixindo á Consellaría de Política Social que asuma a súa responsabilidade como administración competente en Galicia, tanto no que respecta á fixación de ratios de persoal como no labor inspector.

O HULA activou un centro de crise 24 horas de mulleres maltratadas

A Xunta de Galicia reforzou a atención ás mulleres vítimas de violencia sexual cun Centro de Crise 24 horas que funciona desde o pasado mes de decembro no Hospital Universitario Lucus Augusti. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, visitou hoxe as instalacións e explicou que “están sempre abertas, en calquera momento os 365 días do ano, para as usuarias que o precisen”.

O centro dispón dun orzamento de 500.000 euros para este exercicio, e conta cun equipo de carácter multidisciplinar formado por sete profesionais, que ofrece intervención especializada de tipo psicolóxico, social ou xurídico, así como acompañamento integral, mesmo no acceso a outros recursos sanitarios, sociais, policiais ou xudiciais.

Para o acceso aos centros de crise non se necesita denunciar nin estar en disposición de facelo. Está destinado a mulleres maiores de 15 anos, independentemente de cal sexa a



súa situación administrativa, que vivisen un intento ou unha situación de violencia sexual, recentemente ou no pasado, os seus familiares e persoas da súa contorna íntima; o obxectivo é prestar asistencia á vítima en función das súas circunstancias, demandas e necesidades, impedindo a vitimización secundaria.

Ademais da atención presencial, hai un teléfono de garda 24 horas -o nú-

mero 982 29 67 61- e tamén se pode contactar co servizo mediante o enderezo electrónico centrodecrise.lugo@xunta.gal.

O acceso debe ser voluntario e pode producirse por iniciativa da propia interesada ou por derivación doutros recursos, como os Centros de Información á Muller, servizos comunitarios, xulgados, forzas e corpos de seguridade ou entidades sociais que traballan neste ámbito.

A Milagrosa prepárase para unha semana chea de festa este setembro

O barrio da Milagrosa en Lugo xa ten listo o seu cartel festivo para este setembro, cunha programación variada e chea de música, actividades e diversión para todas as idades. As festas darán comezo o mércores 3 e prolongaranse ata o domingo 7, cunha ampla oferta de concertos, verbenas e actuacións.

O mércores 3, o pregón correrá a cargo de Erik Quintela, capitán do Río Breogán, seguido pola actuación da Mekánica Rolling Band e o ritmo de El Combo Dominicano, que promete animar a noite coa súa enerxía caribeña.

O xoves 4, será a quenda dunha das formacións máis esperadas: París de Noia, que traerá á Milagrosa a súa posta en escena es-

pectacular.

O venres 5, haberá actuacións para todos os gustos, desde os tradicionais Airiños de Orbazai, pasando polos Herdeiros da Crus, icónica banda do rock galego, ata a sesión DJ de Casanova e o espectáculo de Os Valuros.

O sábado 6 celebrarase cun completo programa que inclúe un concerto infantil con Uxía Lambona e a Banda Molona, a verbena de Tapyoka, e a actuación de Gin Toni's, unha das bandas revelación no panorama das verbenas. Finalmente, o domingo 7, as festas pecharanse cunha dobre sesión a cargo da orquestra Costa Dorada e o espectáculo móbil de La Dueneneta, que manterá o ambiente festivo ata o último momento.

500 nenos participaron no Mercado nas actividades do primeiro semestre

O Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros continúa a consolidarse como un punto de encontro para as familias lucenses grazas á programación de actividades infantís impulsada pola Concellería de Participación e Servizos para a Veciñanza.

A edil responsable da área, Cristina López, fixo balance da participación rexistrada nos obradoiros que se celebran cada sábado pola mañá, salientando que, entre xaneiro e xuño

de 2025, participaron un total de 533 nenas e nenos.

Segundo explicou López, “os datos reflicten un balance moi positivo que confirma o interese e boa acollida desta proposta por parte das familias da cidade”.

Durante o primeiro semestre do ano, as cifras de asistencia repartíronse do seguinte xeito: 104 crianzas en xaneiro, 103 en febreiro, 121 en marzo, 87 en abril, 68 en maio e 50 en xuño,

quedando aínda pendentes os datos correspondentes ao mes de xullo para completar o recuento anual.

A concelleira quixo agradecer a boa resposta da veciñanza e animou a seguir participando neste tipo de iniciativas, lembrando que “continuaremos traballando para facer da Praza e do Mercado espazos de vida, encontro e alimentación responsable e de proximidade para toda a cidadanía”.

DÍA DE GALICIA



Lugo acolleu un acto multitudinario do Bloque Nacionalista Galego dentro da campaña previa ao Día da Patria. A cita serviu para destacar o papel do BNG como forza política “honrada, incansábel e desinteresada”, segundo Rego, quen contrapuxo o traballo do nacionalismo galego cos episodios de corrupción que afectan a outras formacións estatais.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com



O campamento de verán consolídase na oferta estival do Concello

O campamento de verán do Vello Cárcere, unha das propostas máis consolidadas da programación estival do Concello, recibiu a visita da concelleira de Educación, Iria Buide, quen puido coñecer de primeira man as actividades que están a desenvolver as nenas e nenos, así como conversar co equipo educativo. O campamento está dirixido a nenas e nenos empadroados no Concello de Lugo, nados entre os anos 2013 e 2021, organizándose en quendas bisemanais que se estenden desde o 30 de xuño ata o 5 de setembro. Cada quenda conta cun máximo de 20 participantes, desenvolvéndose as actividades entre as 10:15 e as

13:45 horas, con marxes de chegada (de 10:00 a 10:15) e recollida (de 13:45 a 14:00) pensadas para facilitar a conciliación familiar. As actividades inclúen contido artístico, lúdico e educativo, con programacións variadas que abarcan desde a reciclaxe e a promoción da lingua galega ata o traballo en valores sociais, combinadas con espazos de xogo libre. Ademais do Vello Cárcere, o Concello de Lugo ofrece outras opcións estivais como os campamentos da Casa das Linguas, nas instalacións da Estrada da Granxa e María Balteira, cunha nova quenda do 23 de agosto ao 5 de setembro para crianzas nadas entre 2015 e 2021.

O BNG reúne a migrantes contra o racismo e a prol da convivencia

O BNG de Lugo organizou un encontro aberto con persoas migrantes co obxectivo de mostrar o seu apoio e fortalecer o compromiso da organización fronte ao rexurdimento de discursos e movementos racistas que, segundo alertan, están a cobrar forza noutros puntos do Estado. O portavoz nacionalista Rubén Arroxo cualificou Galicia e Lugo como “zonas acolledoras e solidarias” e explicou que a xuntanza buscaba coñecer de primeira man as necesidades da veciñanza migrante da cidade. “Ante o odio e o racismo que vemos a diario, desde o BNG de Lugo quixemos manter un encontro coas persoas migrantes de Lugo para coñecer as súas necesidades e amosar novamente o noso apoio”, declarou Arroxo, quen salientou tamén a importancia de escoitar estas voces e crear espazos de diálogo para avanzar cara unha sociedade máis xusta e igualitaria. O responsable do BNG destacou os datos do Instituto Galego de Esta-



tística (IGE), que sinalan que Lugo conta con habitantes procedentes de 108 países, unha realidade que, ao seu ver, evidencia o exemplo de integración e convivencia que representa a cidade. Nese sentido, lembrou que Galicia foi historicamente terra de emigrantes e que hoxe debe converterse tamén “nun lugar de acollida e de pluralidade”. O acto concluíu coa lectura dun manifesto elaborado pola artista multidisciplinar Luz Darriba, un texto que aposta polo respecto mutuo,

a unidade e a defensa dos valores democráticos ante os brotes de racismo, xenofobia ou aporofobia. O manifesto fai unha firme defensa da convivencia pacífica e do dereito de todas as persoas a procurar unha vida mellor. “Imos defender cada un dos espazos democráticos que tantas vidas custaron; imos dar esta batalla coas armas da razón e do dereito, da xustiza a prol dunha convivencia pacífica e amábel entre os seres humanos”, recolle o documento.

O 010 modernízase con WhatsApp e vólvese cada vez máis activo

O servizo 010 do Concello de Lugo continúa a afianzarse como unha ferramenta útil e próxima para a cidadanía, adaptándose aos novos tempos con canles modernas como WhatsApp. Durante os primeiros seis meses de 2025, esta nova vía de contacto sumou xa máis de 175 mensaxes, próximas ás 200 xestións tramitadas por esta aplicación. A veciñanza pode dirixirse ao servizo tanto mediante WhatsApp no número 618 345 010 como chamando ao 982 297 350. A este novo recurso cómpre engadir os datos da atención tradicional: rexistráronse 26.400 chamadas no primeiro semestre do ano, das que 2.294 deron lugar á tramitación de avisos. Ademais, enviáronse 9.512 correos electrónicos como parte do seguimento destas xestións. Estes indicadores consolidan o 010 como unha referencia para a comunicación directa co Concello. O servizo tamén reforzou a súa presenza dixital, superando os 5.700 seguidores en Facebook e acadando máis de 3.000 en Instagram, canles que permiten difundir información municipal e manter un contacto fluído coa

veciñanza. A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, destacou os avances do servizo, especialmente tras incorporar WhatsApp: “Esta ferramenta facilitou moito o intercambio de información entre a cidadanía e o Concello. Grazas ás fotos que nos envían, as incidencias son máis doadas de localizar e entender”. A maior parte das mensaxes recibidas están relacionadas con reparacións de enxeñaría, problemas en parques e xardíns, iluminación pública, mobiliario urbano ou limpeza viaria. Tamén se responderon consultas sobre eventos culturais e a venda de entradas organizadas polo Concello. Cristina López puxo en valor a implicación da cidadanía: “A colaboración veciñal está a ser extraordinaria. Lugo é unha cidade dinámica, e o 010 demostra que, coa participación de todas e todos, podemos seguir mellorando a cidade”. Cando se cumpren 20 anos da súa posta en marcha, o 010 dá un novo paso na súa evolución como servizo esencial de atención directa, combinando innovación tecnolóxica e proximidade coas persoas.

O Foro de Igualdade acorda convocar concentracións mensuais contra o feminicidio

O Goberno local de Lugo vén de conseguir o consenso das asociacións e colectivos que integran o Foro de Igualdade para poñer en marcha novas iniciativas destinadas a dar visibilidade á loita contra a violencia machista. A proposta principal consiste na convocatoria de concentracións non silenciosas, que terán lugar nas inmediacións da árbore da vida, en Santo Domingo, os primeiros martes de cada mes. A primeira destas citas celebrárase en setembro e nela convidárase a participar ao conxunto da sociedade civil para condenar as agresións sexuais, a violencia de xénero e os asasinatos machistas. O Foro de Igualdade está integrado por representantes de asociacións veciñais federadas e non federadas, entidades de persoas con discapacidade, Colexio de Enfermería, Asociación de Mulleres Empresarias, Unión de Asociacións Veciñais (Unave), secretariados da muller dos sindicatos CC.OO., STEG, CIG e UXT, Fundación Secretariado Xitano e APIG, Unións Agrarias-UPA, Aliad Ulteira, Asociación de Mulleres Rurais “A Landra”, Foro Feminista de Lugo e Asociación Xitana Phenlipen.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

“Estamos de forma integral coas familias xitanas, desde o nacemento ata o final”

Manuel Vila, Tamara Caloro e Ana López conforman a directiva da Asociación de Promoción e Integración

Jessica Fernández

A Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo naceu no ano 1983 a raíz da creación dunha escola ponte no poboado do Carqueixo, pensada exclusivamente para os nenos xitanos que alí vivían. “Levaron alí mestres, como eu, para axudar aos nenos”, lembra Manuel Vila, presidente da asociación, quen viviu de primeira man a transformación daquela comunidade. Ao pouco de traballar coa infancia, decatáronse de que o problema ía máis alá do ámbito educativo. “Vimos que non só había que traballar no campo educativo, senón que había que facer un traballo integral de todo, porque a situación naquel momento era... non de terceiro mundo, senón de... ¡décimo mundo!”, afirma Vila. Naquela época, o poboado situábase ao carón dun vertedoiro municipal onde se queimaba lixo. “As chabolas eran de plástico, de táboas... Non había auga corrente nin alcantarillado. Os nenos ían descalzos, comían case o que se tiraba ao barrio. E non tiñan seguridade social”, recorda.

Foi nese contexto no que xurdiu a asociación, coa intención de mellorar a calidade de vida das familias xitanas. Así, comezaron por atender o educativo, pero tamén o sanitario e o administrativo. “Comezamos a inscribilos no rexistro civil. Menos mal que colaborou moito un crego que había en Albeiros, que xa faleceu, Don Luis Soto Camino. Bautizaba a esas persoas, e así, a partir do bautismo, íamos cada semana coas familias ao rexistro civil”, conta Vila. Grazas a iso, moitas persoas puideron conseguir o seu DNI.

Para contextualizar, Manuel Vila explica que as familias xitanas de Lugo descenden dun matrimonio falecido nos anos 40, que tivo 12 fillos. Hoxe, a súa descendencia espállase por toda a provincia de Lugo, Ourense, Madrid... O asentamento no Carqueixo remóntase a 1974. “Os xitanos non foron alí porque si”, aclara Vila. Historicamente, o pobo xitano era nómade, vencellado ao mundo rural: trataban cabalos, recollían vimbio e facían cestos que trocaban nas aldeas. Nos anos 60, coa industrialización, moita xente marchou do campo á cidade. “Coa chegada do plástico e os cambios na economía, os cestos e as cabalarías deixaron de ter valor, e os xitanos tamén empezaron a achegarse ás cidades”. En Lugo, asentáronse en Fingoi, pero a expropiación das vivendas nesa zona obrigounos a marchar. “Decidiron levalos ao monte municipal do Carqueixo, onde podían recoller chatarra, xa que alí había un vertedoiro. Foi unha forma de darlles saída, pero



tamén unha maneira de marxinalos, para que non molestasen”, manifesta.

Naquel espazo illado, onde nin sequera pasaba o bus urbano, comezaron a achegarse unhas monxas xosefinas que puxeron en marcha unha escola infantil. Máis adiante, uníronse profesores maristas e finalmente o Ministerio de Educación, decidiu poñer en marcha unha escola ponte con mestres públicos. “Foi nos anos 80, coa transferencia de competencias á Consellería de Educación, cando se creou a escola ponte e mandáronnos a nós, mestres públicos. As monxas seguiron atendendo á escola infantil, que acabou funcionando dentro da asociación que puxemos en marcha no 83”.

A escola ponte pública pechou en 1996 e a escola infantil cesou o seu labor no 2006 por falta de recursos. Desde entón, os nenos e nenas do Carqueixo integráronse nos colexios da cidade. “Promoveuse unha liña de bus urbano que recollía aos nenos no Carqueixo e os levaba a As Gándaras, o primeiro colexio que os acolleu, e tamén a Nadela”. A pesar deste avance, para Vila a escola infantil “xogaba un papel clave”, especialmente coas mulleres. “A escola estaba no propio poboado e tiña un fin social. Controlábase a muller desde que estaba embarazada, poñíase en contacto co médico e seguíase todo o proceso de embarazo e nacemento dun neno, acompañábamolas para escribir o nome no rexistro de vida, os nenos ían á escola desde pequenos... Controlábase todo”, explica. Hoxe, grazas ao traballo da asociación, a realidade mudou radicalmente. “No poboado do Carqueixo quedan sete chabolas e unhas 36 ou 37 persoas; o resto viven en vivendas normalizadas, algunhas en propiedade e outras en

vivenda social”. Segundo Vila, coñecen a todas as familias, “agás algúns que chamamos invisibles, que pasan desapercibidos”. Levan máis de 30 anos traballando pola comunidade.

A ASOCIACIÓN

Na sede da Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo, o traballo diario xira arredor dun principio fundamental: a familia como eixo vertebrador. Así o explica Tamara Caloto, quen subliña que as actuacións da asociación se articulan arredor de cinco ámbitos clave: educación, vivenda, emprego, formación e cultura. “Intentamos que o traballo sexa integral, porque se só traballas, por exemplo, no ámbito do emprego, pero non hai unha vivenda ou unha formación, ese programa queda baleiro”, afirma. Desde o momento do nacemento, a asociación realiza un seguimento que acompaña a cada persoa na súa traxectoria vital: inscrición no rexistro civil, escolarización infantil, seguimento educativo e control do absentismo. Para iso, contan co apoio dunha coordinadora de escolarización marxinal, dependente

da Consellería de Educación, que colabora estreitamente coa entidade. Este enfoque permite que, mesmo cando chega unha familia nova, poidan integrarse rapidamente na rede de apoio comunitaria.

Unha das estratexias que defenden con maior convicción é a dispersión, entendida como unha vía eficaz cara á normalización social. A asociación promove que a matrícula escolar se faga de forma equilibrada, evitando a concentración do alumnado xitano en centros concretos, aínda que admiten que non sempre é doado pola localización das vivendas sociais. “Se nos coñecemos entre nós, despois as diferenzas non son tan grandes”, conclúe Caloto, apelando á necesidade de convivir para superar os prexuízos. Así, defenden que non deben existir guetos nin barrios marxinais, xa que a convivencia mixta favorece a integración e reduce os prexuízos. Concretamente, “os xitanos que quedaron en pobos pequenos están máis normalizados”, explica Caloto. “Ao seren pobos, os nenos foron ao colexio, coñecéronse entre eles, integráronse no mundo do

traballo e mesmo hai matrimonios mixtos”, engade Vila.

En canto ao perfil das persoas coas que traballan, é moi diverso. Desde familias completamente integradas, que apenas precisan apoio, ata outras en situacións de exclusión máis severa. A evolución, non obstante, foi notable. “Os cambios nos últimos 30 ou 40 anos foron enormes”, afirma Ana López, quen afirma que “agora temos localizadas a todas as familias xitanas de Lugo e traballamos con todas elas, polo que hai moitísima máis normalización da súa situación que antes”.

O TRABALLO

A Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo depende exclusivamente da financiación pública para levar a cabo os seus proxectos, aínda que a contía e o momento en que chega varía moito ao longo do ano, xa que moitos dos programas teñen carácter temporal e están ligados a subvencións de duración determinada. Con todo, o obxectivo é garantir que “ningún dos ámbitos que falabamos antes quede en ningunha época do ano colgado”.

A principal fonte de ingresos procede da Consellería de Política Social, que financia dous programas importantes con cargo ao IRPF, na coñecida “casilla 07”. Un deles céntrase no acompañamento integral ás familias xitanas e outro está enfocado ao ámbito educativo, ofrecendo apoio escolar e seguimento nos centros educativos. Tamén contan con programas puntuais relacionados coa inserción laboral, como itinerarios formativos e cursos para a obtención do carné de conducir ou o desenvolvemento de competencias profesionais. Estes teñen unha duración limitada, en función do tempo que require cada formación.

Ademais, a Deputación Provincial de Lugo concede cada ano unha subvención nominativa destinada á rehabilitación de vivendas. Esta axuda permite executar reformas nos fogares das familias xitanas, nas que a entidade achega a man de obra e as propias familias os materiais. “A reforma das casas implica ás familias porque proporcionan os materiais e tamén aprenden o ofi-





cio”, destacan dende a Asociación. Porén, advirten dun problema recorrente: a contía da subvención leva anos sen actualizarse, mentres que “o custo da vida sobe, o convenio colectivo do traballador tamén, e iso fai que se reduza o tempo de traballo ou poidamos atender a menos familias”. Porén, recoñecen que “se non fora por esta subvención, moitas non poderían reformar as súas vivendas. Xa é difícil atopar quen che faga unha obra; se ademais es xitano, van co prexuízo de que non lles vas pagar”. Ademais, explican que o traballo desde a asociación non só é a conservación das vivendas, porque “non consiste só en sacar á xente do chabolismo e darlle unha vivenda sen saber que significa comunidade e vida comunitaria”. É preciso, tamén, formar ás familias para que participen activamente na vida comunitaria.

Polo que respecta ao Concello de Lugo, este subvenciona o funcionamento do local da Asociación, cubrindo gastos como auga, luz ou teléfono. Con todo, sinalan que a contía “segue igual que hai 20 anos” e a situación faise cada vez máis insostenible: “A luz subiu, todo custa máis, tivemos que cambiar a fotocopiadora... e aínda non cobramos a subvención do ano 2024, estando en 2025”. Un dos proxectos que a Asociación destaca como exemplo do seu labor de sensibilización é a exposición Historia e cultura do pobo xitano, que estivo no Vello Cárcere e foi, segundo aseguran, “todo un éxito”. A mostra, composta por 18 paneis, percorre a historia, a cultura e as achegas do pobo xitano á sociedade galega e española, e está pensada especialmente para os centros educativos. “Buscamos rachar cos estereotipos e o descoñecemento que aínda persisten sobre esta comunidade”, explican. Deseñada pola Asociación de Enseñantes con Gitanos, a exposición pretende achegar ao alumnado e á cidadanía unha visión documentada e real dunha historia que, como din, “nunca aparece nos libros de texto”. Para a Asociación, é “unha mágoa que un pobo que forma parte de España desde hai 600 anos e do que forman parte un millón de persoas sexa tan descoñecido. Se non coñecemos a nosa historia, se non

nos coñecemos, malamente podemos entendernos”.

NECESIDADES E FUTURO

En canto ás necesidades actuais, a entidade denuncia a inestabilidade do sistema de subvencións. “Os nosos programas son anuais, e a día de hoxe só sabes o que vas ter ata finais de ano. Ademais, algunhas subvencións chegan cando o programa xa rematou, polo que hai que adiantar o diñeiro”. Con todo, comentan que, ademais das tres persoas da directiva, contan con tres mestras na actualidade, pero demandan continuidade: “As familias necesitan persoas de confianza, tratamos temas delicados, e é importante coñecerse mutuamente e coñecer unha problemática que evoluciona no tempo”. A súa actividade implica tecer redes de seguimento, atención e coordinación co resto de entidades, tanto públicas como privadas, actuando como ponte co centro de saúde, co colexio, ou facendo tarefas burocráticas como a declaración da renda. “Facemos de xestoría, de psicólogo, de mestre, de traballador social... polo que temos que ser persoas que eles coñezan e coas que se sintan confianza, ao igual que é mellor ter persoas que xa comprenden como funciona todo en vez de cambiar cada ano”.

Mirando cara ao futuro, a prioridade é “manter os programas que xa temos en marcha”, destacan, pero tamén queren potenciar a formación no ámbito da vivenda, un aspecto que consideran clave para garantir a integración real: “Non temos vivendas dispoñibles para todos, nin recursos para xestionar todo. Ademais, se xa é difícil acceder a un alugueiro para calquera persoa, se es xitano, non tes opción; a xente non cho aluga”. A Asociación insiste en que o seu traballo é a longo prazo: “Traballamos para a quinta xeración. O que fixemos hai anos vese agora, e o que facemos agora verase no futuro. É unha carreira de fondo”. Así, a pesar das dificultades, manteñen o compromiso de seguir traballando “para que pouco a pouco vaia mellorando a integración do pobo xitano na sociedade e que a súa percepción tamén cambie, adaptándose á realidade”.

O bus urbano supera os 200.000 viaxeiros e marca un novo récord

O transporte público urbano de Lugo pechou o mes de xuño de 2025 cun total de 200.095 viaxeiros, unha cifra que marca un novo récord histórico para este mes e confirma a tendencia ascendente que vén rexistrando o servizo nos últimos anos.

A pesar de que xuño adoita ser un período de menor demanda pola finalización do curso escolar e a redución dos desprazamentos diarios de estudantes, este ano non só se mantiveron os datos, senón que mesmo medraron. “O que vemos é unha fidelización crecente da veciñanza co bus urbano”, destacaron desde o goberno local.

A evolución dos últimos exercicios reflicte esta progresión positiva:

en xuño de 2020, en plena pandemia, rexistráronse 97.624 viaxeiros. A cifra aumentou a 122.294 en 2021, continuou subindo a 147.776 en 2022 e alcanzou os 173.457 en 2023. O ano pasado, en xuño de 2024, superouse por segunda vez a barreira dos 180.000 viaxeiros, con 181.802 usuarios. Este 2025, por primeira vez, superouse a marca dos 200.000 viaxeiros neste mes, consolidando o bo estado de saúde do servizo.

“O bus urbano segue demostrando que é a mellor maneira de moverse por Lugo”, sinalaron desde a área de Mobilidade. “Contamos cunha rede de liñas que conecta a case o 90 % da poboación e cunhas tarifas moi

accesibles, o que fai que cada vez máis persoas escollan este medio de transporte no seu día a día”.

O Concello continúa traballando para promover o uso do bus como unha alternativa económica, sostible e cómoda, que reduce a necesidade de aparcamento e contribúe a diminuír a pegada de carbono da cidade. O billete ordinario ten un prezo de 0,64 euros, cun desconto a 0,45 euros empregando a Tarxeta Cidadá, e tan só 0,31 euros para colectivos bonificados, como persoas con mobilidade reducida, pensionistas, estudantes ou persoas en situación de desemprego. Ademais, os transbordos son gratuítos para quen emprega a Tarxeta Cidadá.

O Colegio de Arquitectos estudará a accesibilidade nos edificios municipais

A Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo e o Colexio de Arquitectos Técnicos da cidade colaborarán na elaboración dun estudo destinado a analizar o grao de accesibilidade dos edificios públicos municipais.

Segundo explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, o gabinete de accesibilidade do colexio técnico visitará distintas instalacións municipais para realizar un informe que permitirá coñecer con detalle as carencias existentes e as necesidades das persoas con mobilidade reducida.

Arroxo subliñou a importancia de avanzar cara a un modelo de cidade inclusiva, na que todas as persoas poidan desenvolver unha vida o máis normalizada posible, con independencia das súas capacidades físicas. “É fundamental seguir traballando



por un concello inclusivo”, apuntou, engadindo que a accesibilidade e a perspectiva de xénero son dous pilares esenciais para construír “un Lugo máis amable e accesible”.

Desde a Tenencia de Alcaldía aseguran que todas as actuacións municipais se orientan a facilitar a

accesibilidade e a garantir que a veciñanza poida gozar dos espazos públicos con independencia das súas limitacións de mobilidade. Neste sentido, o estudo que se vai realizar servirá como ferramenta para planificar actuacións de mellora nas distintas instalacións do Concello.

Oferta de empleo

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

Contacta con nosotros
Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Enfo., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

¿Qué ofrecemos?
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

simple. claro. helvetia
Tu aseguradora suiza



Manuel Carballeira gaña o 25º Certame de Pintura Rápida Cidade de Lugo

A Praza Maior de Lugo foi escenario da entrega de premios da vixésimo quinta edición do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo, unha cita xa consolidada dentro do calendario cultural do verán lucense.

Organizado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, o evento reuniu a decenas de artistas que durante toda a xornada plasmaron diferentes paisaxes e escenas urbanas da cidade, transformando as súas rúas e prazas nun espazo aberto de creación artística. O concelleiro Alexandre Penas foi o encargado de entregar os galardóns, tras a deliberación dun xurado composto por profesionais das artes plásticas, que destacou a calidade técnica, a orixinalidade e a interpretación persoal que os participantes ofreceron da cidade nas súas obras. Segundo afirmou o edil durante o acto, “este certame converte Lugo

nun espazo de creación e participación, visibilizando o talento artístico e ofrecendo á veciñanza unha maneira diferente de mirar a cidade”.

O primeiro premio, dotado con 1.600 euros e diploma, foi para Manuel Carballeira Rivas. O segundo galardón, con 1.100 euros, recaeu en Isabell Seidel, e o terceiro, dotado con 900 euros, foi para Rafael Dueñas Carazo. Ademais, entregáronse accésits de 300 euros a Benigno Rodríguez Sánchez, Rafael Carrascal García, Diego Manuel Fernández González “Columé”, Juan Carlos Triñanes Buceta e Andrés Gabarres Cagiao. O premio ao artista local, cunha dotación de 450 euros, foi para Alfredo Hernández Perdomo.

As obras presentadas puideron contemplarse na Praza Maior entre as 18:00 e as 20:00 horas, nunha exposición aberta ao público que permitiu gozar dos distintos estilos e perspectivas dos artistas participantes.

O Centrad amplía a súa colección con catro obras de José María Lugilde

O Centro de Artesanía e Deseño de Lugo ampliou a súa colección cun conxunto de catro obras doadas polo artista lucense José María Lugilde. A achega recolle distintos momentos da súa traxectoria, incluíndo un óleo que realizou durante os seus anos como alumno da antiga Escola de Artes e Oficios, situada onde hoxe se atopa o propio Centrad, e tres obras de técnica mixta que exemplifican a súa evolución cara á fusión entre pintura e escultura.

As pezas incorporadas son o óleo titulado Patio escuela, que remite á súa etapa de aprendizaxe, e as creacións Trouxénorolo, Manis e Mortis e Últimos Kájaros, que sintetizan as claves estéticas e con-

ceptuais da súa produción máis recente.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, acudiu esta mañá ao centro para visitar as obras na súa nova localización, na entrada principal do edificio, acompañado polo propio Lugilde e por persoal do Centrad. Durante a visita, o artista manifestou o seu apego a este espazo, onde se formou baixo a guía de mestres como o pintor Luis Gómez Pacios.

Lugilde xustificou a doazón pola vontade de compartir a súa obra co conxunto da cidadanía, destacando a identidade do Centrad como un lugar ligado á creatividade e á formación artística.

Presentado o San Froilán Miúdo e os espectáculos itinerantes de rúa

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu hoxe unha nova xuntanza da Comisión de Festas, na que presentou aos grupos os avances referentes á organización do San Froilán deste outubro. Ferreiro adiantou que “o San Froilán Miúdo contará este ano cunha completa programación para toda a familia, con actividades de rúa e na carpa do Seminario, achegando a Lugo os mellores espectáculos do panorama galego, estatal e internacional”.

A carpa do San Froilán Miúdo, que se instalará no aparcadoiro do Seminario, contará con espectáculos como “Pocket Loop” da Compañía StopStoi, “Tranvía Nº12” de la Finestra, “Crunch 2” de Muu, “Humanus Comicus” de Mondo Costrini, “Gran Sonata” de Le Pluant, “De Vilatriste a Vilalegre” de Teatro ao cubo, “Historias para escagarriñarse” de Teatro Ghazafellos, ou o tradicional “Festival Infantil de Cántigas e frores”. Todos os días ás 18.30h terá lugar unha actuación na carpa, mentres que os días 5, 6, 11 e 12 de outubro, os nenos e nenas poderán gozar de xogos de 11.30h a 14h e de 16h a 18h.

O ambiente festivo expandirase polas rúas do Recinto Histórico grazas



aos espectáculos itinerantes: “Pilots” de La Finestra (Premio Fetén 2025 ao mellor espectáculo itinerante de rúa), “Circo Krasnovorak” de Troula, “Rum rum” e “Transhumancia”, ambos de Xip xap teatro. Outras actuacións de rúa, pensadas para o público familiar, animarán as tardes da semana durante as festas, ampliando así o abano de propostas lúdicas.

“Seguimos traballando para que o San Froilán volva ser a gran festa do outono galego, cunha programación diversa e de calidade, pensada para todas as idades e que contribúe a potenciar a cultura e o lecer en Galiza”, afirmou Maite Ferreiro.

A concelleira de Cultura afirmou que o PP “está en contra do San Froilán”. Ferreiro afirmou que o Partido Popular “leva anos deixando a comisión de festas buscando escusas, mais nunca os vemos presentar propostas nin colaborar para que o San Froilán sexa a festa de todas e todos os lucenses”. Ferreiro afirmou que “o PP non se limita só a non facer propostas, acompañan este abandono facendo unha campaña pública negativa en contra das festas e cun apoio ínfimo por parte da Xunta de Galiza”. Segundo a edil de Cultura, “isto demostra o desprezo que amosa o Partido Popular cada ano polas festas de todas e todos os lucenses”.

Comezan a adhesión ao Padroado da Fundación Uxío Novoneyra

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciaron o inicio do procedemento para a integración do Concello ao Padroado da Fundación Uxío Novoneyra.

Fixérono acompañados polo vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, e membros da entidade, nun acto que coincide cun ano de especial relevancia: cúmprense 25 anos do falecemento do poeta do Courel e 75 da publicación de Os Eidos, a súa obra máis representativa. Maite Ferreiro destacou o valor deste paso institucional e sinalou que “para Lugo é unha honra comezar a formar parte do Padroado da Fundación Uxío Novoneyra neste ano tan simbólico. Uxío foi veciño da cidade, e tanto o seu pensamento como a súa poesía e o seu vínculo coa cultura galega son tamén referentes para a cidadanía lucense”.

A concelleira lembrou que esta incorporación supón consolidar e ampliar unha colaboración xa activa:



“Levamos anos traballando conxuntamente en proxectos europeos, encontros literarios, exposicións e propostas educativas que tiveron lugar en Lugo, e con este paso reafirmamos o noso compromiso coa defensa e divulgación do noso patrimonio literario e artístico”. Segundo Ferreiro, esta incorporación “sitúa a Lugo como unha cidade que aposta pola cultura e pola memoria viva, sumando forzas coas principais institucións culturais do país para garantir que a obra de Uxío Novoneyra siga inspirando ás novas xeracións,

tanto en Galicia como fóra”. A Fundación Uxío Novoneyra, creada no ano 2010 e recoñecida como de interese cultural estatal desde 2012, propuxo ao Concello de Lugo formar parte desta nova etapa de expansión e consolidación. Nesta nova fase tamén se incorporarán a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a cidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, fortalecendo así a rede institucional que traballa para preservar, promover e difundir o legado literario do autor do Courel.

“Que saian novos artistas xera unha simbiose cultural e musical en Lugo”

Diego Gallego Fernández e Ander López Gómez son dous cantantes emerxentes da cidade

Jessica Fernández

Diego Gallego Fernández, máis coñecido como Diego Flâneur, e Ander López Gómez, baixo o alias de ünder, son dous cantantes emerxentes da cidade de Lugo que destacan por unha proposta musical ecléctica, en constante evolución, onde o hip-hop actúa como base, pero ábrese paso entre diferentes estilos, ritmos e influencias.

A través dun universo de referencias culturais que beben do cinema, da arte e da propia música, constrúen un imaxinario amplo e diverso.

As súas letras abordan temáticas variadas que, aínda que ás veces conflúen, non sempre seguen unha mesma liña: desde a nostalgia ou a ollada costumista ata atmosferas máis festivas e luminosas, onde se fala de amor, tradicións cotiás e experiencias persoais moi vinculadas a Lugo e ao seu entorno vital.

Ambos forman parte do selo lucense FAT Music, colectivo ao que tamén achegan a súa identidade creativa e que representa o espírito dunha nova escena urbana na cidade.

O seu seguinte traballo é El Último Chance, composto por nove temas, completamente autoproducido e autoeditado, no que participan voces destacadas da escena urbana local e galega, como 9Louro ou Jade4.

Como nace esa necesidade de crear música?

Nós nunca o pensamos de pequenos. Si que nos gustaba a música, pero non tocamos ningún instrumento. Cando nos coñecemos no instituto, con 15-16 anos, fixémonos moi amigos e compartiamos a paixón pola mesma música e, ao estar na mesma onda, iámonos mandando o que cada un escribía, ata que un día decidimos facer unha canción, que ao final é unha base de música instrumental de Youtube e unhas letras que fas rimar. Durante a pandemia, sobre todo, como non había nada que facer, xuntabámonos moito para cantar e mercamos un micro entre os dous, quedabamos na casa de Diego e ese era o noso ocio: experimentar co Autotune, coa posproducción de son... e comezamos a subir as nosas cancións a Youtube. Ander encargábase máis de facer as mesturas e cada vez soaban mellor os temas.

Como foi a acollida da xente?

Cremos que boa porque ninguén da nosa contorna contaba con que comezamos a facer música e ademais, ao sermos os dous de Lugo, pois a xente de aquí empezou a escoitarnos e, xa sabes, a novidade, sorprendeulles as nosas cancións porque tampouco facemos o típico, unha canción de rap como tal,



mesturamos xéneros. E nestes dous últimos anos eu creo que nos escoita máis xente.

Como definirían as súas cancións?

Pois como che comentaba, ao principio faciamos só letras cunha base instrumental, é dicir, máis rap, e logo fomos evolucionando e cambiando o estilo de música cara ao trap urbano. Pero temos cancións de distintos estilos, como máis festivas, de mambo... depende da canción. Tamén temos temas en castelán e en galego. Pero en xeral temos un fío condutor entre todas as cancións, destacando o costumismo e o tradicional, co tema fundamental do arraigamento á cidade de Lugo, á nosa familia e a nós mesmos. Falamos de temas próximos da nosa vida aquí.

Que importancia ten para Lugo que xurdan novos artistas?

É importante, sobre todo, para impulsar a outra xente. Que saia unha persoa facendo música ou outro

tipo de arte non implica que teña que saír outra, pero sempre é máis doado que, se ves a alguén facendo cousas, ti animes a dar o paso. Sobre todo, para xente máis nova, como nos pasou a nós, que comezamos un pouco ao ver a xente da nosa cidade, xente como nós, iguais, como LANASA, que é música urbana e tal e así animámonos. Facía falta isto tamén en Lugo; máis música. E ademais tamén se crea unha simbiose de persoas que comparten os mesmos gustos e coas que nos levamos moi ben, ademais.

Como foi o voso primeiro concerto e como valorades a vosa evolución?

A nosa primeira actuación foi en xaneiro de 2023 e foi abrindo para un artista de Ponferrada que se chama John Pollón e a evolución desde ese día ata ter feito máis concertos, nótese, xa que ao principio estabamos máis nerviosos, pero co paso dos concertos e coa experiencia fomos gañando soltura. Actuamos hai

pouco no programa Muralleando da área de Cultura do Concello de Lugo e temos agora o Festival Soa Suarna, que contactaron connosco para participar e temos moitas ganas.

Como lugueses, tamén son grandes afeccionados ao deporte e, concretamente, ao Club Deportivo Lugo, gustaríalles, se se dese o caso, escribir unha canción para o novo himno?

Si, sempre imos a todos os partidos do Club Deportivo Lugo. Somos socios desde que temos consciencia. Obviamente, facerlle a letra ao himno do Lugo ou a unha canción relacionada sería algo grande para nós do que sentirnos orgullosos, pero cremos que aínda temos que madurar a nosa música e empaparnos doutra xente e doutras cousas. Non temos os medios que ten, por exemplo, C Tangana, para facerlle o himno ao Real Club Celta de Vigo (entre risas).

Cales son os seus proxectos de futuro?

Gustaríanos seguir creando música, agora mesmo estamos facendo un álbum xuntos, xa que Diego sacou un máis individual, e apetécíanos facer un xuntos. E queremos seguir participando nas iniciativas nas que nos queiran ter en conta, coñecer xente, experimentar outros estilos... e participar en festivais fainos moita ilusión. Ademais, formamos parte do proxecto Festividade A Troula, que organizan eventos e contan con artistas da nosa xeración máis grandes, pero tamén teñen en conta a artistas locais. Ademais, teñen un selo discográfico no que estamos e así agrupamos o xénero aquí en Lugo.

Abre a convocatoria de axudas culturais con 15.000 euros para asociacións sen ánimo de lucro

A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo acaba de abrir o prazo para solicitar as subvencións destinadas a asociacións culturais e entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade no eido da cultura. Así o anunciou a concelleira Maite Ferreiro, quen explicou que se trata dunha partida de 15.000 euros destinada a colectivos que estean constituídos e domiciliados no municipio.

Entre os criterios que se terán en conta para a concesión das axudas, priorizaranse aquelas actividades que non empreguen a muller como reclamo nin atenten contra a súa dignidade, así como aquelas entidades que contén cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade, ou cuxa directiva estea composta, cando menos, nun 50 % por mulleres. Ademais, valorarase positivamente o uso do galego e a promoción dos valores culturais propios de Galicia e da cidade de Lugo.

As asociacións solicitantes poderán incluír nos seus proxectos todos aqueles gastos que, de forma directa e indubidable, estean vencellados á natureza da actividade e se leven a cabo ao longo do ano 2025, incluíndo o persoal específico necesario para o seu desenvolvemento.

Así mesmo, permitirase destinar ata un 20% da subvención concedida a cubrir gastos de funcionamento da entidade, como poden ser electricidade, teléfono ou alugueiro de locais.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 14 de agosto a través da sede electrónica do Concello.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Conversa con Elea López García, actriz profesional e docente de teatro

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nesta última colaboración, manteño unha conversación con quen, na miña modestísima opinión como actriz afeccionada, considero unha das mellores profesoras de teatro: Elea López García. Lémbroa con agarimo cando, sendo nena, acompañaba á súa nai nunha actividade de expresión corporal que a súa proxenitora levaba a cabo en Auxilia, asociación de persoas con discapacidade.

Elea, como te defines?

Como actriz e docente en interpretación e traballo corporal.

Tan relevante é o traballo corporal á hora de interpretar?

Claro, é moi necesario ter consciencia do propio corpo para ter presenza escénica, para estar pendente da acción-reacción co compañeiro en escena, para exercer o control do espazo... A base da interpretación é o propio corpo. Pódese facer teatro sen falar, pero non se pode interpretar sen estar alí presente. Nada máis entrar na súa escola de artes escénicas, atópaste cos seguintes versos de Kavafis:

“Cando emprendas a túa viaxe a Ítaca / pide que o camiño sexa longo, / cheo de aventuras, cheo de experiencias”.

Vexo que tanto a túa escola como o teu grupo chámanse Ítaca. Porque para ti, a túa experiencia teatral é coma unha viaxe?

Porque o importante é o traxecto que vou facendo, o día a día, o paso que vou descubrindo en cada momento, esa busca de destinos sen saber cal é o final, vendo os camiños posibles, atopándome con distintas persoas que me achegan, que me asinan.

Cando empezaches esta viaxe?

A miña curiosidade polo teatro xurdiu sendo moi pequena xa que a miña nai, como actriz afeccionada, para conciliar levábame con ela aos ensaios e vía como se transformaba en personaxes que vivían historias diferentes. Todo isto parecíame un mundo fascinante.

Toda esta curiosidade lévate a adquirir unha ampla e diversa formación en artes escénicas?

Si, eu teño formación en danza, clown, loita escénica..., ademais de teatro. Empecei a formarme máis en serio con vinte anos, en “Espazo Aberto”, unha escola que hai en Santiago con Carlos Neira como profesor titular. Pasado un tempo exercín de profesora de nenos nesta mesma escola durante sete ou oito anos.

Ti considérase docente de teatro?

Si, aínda que sempre me custou moito saber que é o que máis me gusta: ser actriz ou ensinar.

A min sorpréndeme a túa capacidade asertiva á hora de ensinar, a túa capacidade de marcar límites sen molestar, das as túas valoracións sen incomodar?

Capacidade que tamén se aprende e que se basea no respecto ao traballo feito polos alumnos. Un límite claro para min é que todo o mundo ten dereito a expresar o que sente, a dicir o que pensa, coa condición de que non moleste aos demais. Si estás a crear, es libre de facer o que queiras, sempre que non afecte a ninguén. En teatro o traballo en equipo é fundamental así como a confianza cos compañeiros, que ninguén se sinta desprazado ou incómodo. E aínda que en todo proceso de aprendizaxe hai cousas que corrixir, pero iso non quere dicir que a persoa non sexa válida. En teatro trabállase moito coas emocións, non as persoais, senón as que xorden no proceso creativo no que se implica moito a persoa. Por iso, necesítase crear un clima de confianza e seguridade no que a persoa

poida mostrarse, xa que en escena todos somos especialmente vulnerables ao estar moi expostos.

Que prefires a docencia con meniñas e nenos ou con persoas adultas?

As dúas. Gústame moito a docencia con nenos e nenas xa que é moi diferente á docencia con persoas adultas. Traballar con nenos implica moitas cousas vitais como descubrir a interacción con outros, o facer cousas en equipo, a aprendizaxe para codificar o que queren contar, de ensinarlles a transmitir todo o que imaxinaron, de ser conscientes do que reciben os demais... E todo coma un xogo no que aprenden sen darse conta, integrando coñecementos do seu propio corpo, do espazo, do tempo, das relacións sociais... E cos adultos tamén me atrae porque todo iso está incluído, pero realízase cunha perspectiva máis teatral, máis técnica e que se concretará nun traballo en escena. E destaco o grupo de adolescentes que veñen porque queren, por tanto, hai unha gran motivación, sorteando coa realidade de que viven na inmediatez e con moitas ganas de cambiar o mundo, queren e teñen moitas cousas que contar. Para min é un orgullo que algúns deles continuasen coa súa formación nas Escolas Superiores de Arte Dramática como a de Vigo, a de Xixón, Madrid... sendo xa profesionais.

Dunha profesión moi difícil?

Difícil e inestable, que moitas veces hai que compaxinala con outros traballos para poder vivir dela. Que supón moito esforzo que non se ve, levado a cabo antes de subir a un escenario. Non é só memorizar un texto.

Actuar é algo máis que un texto falado, verdade?

Certo, hai que darlle vida ao texto, facelo crible e que chegue ao público. Estar no presente é a base da interpretación. Tamén hai que recalcar que hai moi poucos espazos para



ensaiar, montar unha obra, traballar con todo o equipo...

E non será fácil conciliar a profesión coa vida persoal e familiar?

Non, xa que se traballa en horarios nocturnos, en fins de semana, en vacacións. E despois hai que moverse moito para vender a obra.

Ademais do teu labor como docente e como actriz levas o teatro ao social?

Si, coa miña compañeira Rocío levamos a cabo desde fai dez o programa “Máis que teatro” para traballar esa capacidade asertiva, como comunicarse, como xestionar conflitos, ou o bullying sendo meros espectadores do mesmo. Programa destinado ao alumnado de institutos e colectivos determinados, como, por exemplo, vítimas de violencia de xénero.

A túa faceta de actriz, nestes momentos, está inmersa na obra “Profetas”, fállame dela?

É a sexta montaxe da miña compañía, Ítaca Teatro, e a segundo con Carlos Rebolo, despois de “Cinco minutos sen respirar”. Trátase dun

texto que me enganhou porque non sabería como montalo. Ten moitas capas: a política, a persoal e a de relación dos dous personaxes que un día foron parella. E pareceume todo un reto. Carlos, ou meu compañeiro e eu contactamos co autor Ernesto Is que nos recomendou a Carlos Álvarez Osorio como director desta peza e estreamos o 24 de abril no Auditorio Gustavo Freire. Fixemos xa varias funcións e participamos na MIT (Mostra Internacional de teatro) en Ribadavia. É unha peza na que hai só dúas acotacións, dando moita liberdade creativa e o autor formou parte de todo o proceso, sendo moi xeneroso co seu texto. Ao final non coincide co do texto literario.

Como está o teatro en Lugo?

Hai moitos grupos profesionais e están a medrar. Tamén en teatro afeccionado. Pero penso que non hai tanto costume de ir ao teatro e animo á xente que vaia vivir unha experiencia única, que o teatro está vivo e que nunca se repite.

O Museo Provincial ofrece actividades infantís e familiares

O Museo Provincial propón un verán cheo de experiencias lúdicas e educativas para nenos e familias, cunha programación especial. Do 5 ao 8 de agosto celebrarase un campamento e os días 12 e 13 haberá será a vez de *Contos que habitan entre museos*, un espazo de narración oral e creatividade dirixido a crianzas de 5 a 12 anos, en horario de mañá. Por último, os días 14, 19 e 21 de agosto terá lugar o obradoiro Caetra Lvcemsvm, unha actividade pensada para todas as idades que se desenvolverá de 10:00 a 13:00 horas.

NOVA ESCULTURA



O Museo Provincial de Lugo vén de incorporar ao seu xardín unha nova escultura da artista sarriá Violeta Bernardo que substitúe a obra anterior, tamén da súa autoría, que resultou danada pola caída dunha árbore durante un temporal rexistrado o 27 de setembro de 2024. A artista elaborou unha nova versión da peza titulada *La esperanza de mi vida III*.

Volve o programa estival ‘O que queda de verán’

Maite Ferreiro, presentou unha nova edición do ciclo de espectáculos para público infantil e familiar ‘O que queda de verán’. “Trátase dunha serie de espectáculos na rúa de teatro e circo con propostas de moi diferentes estilos”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “supón unha mostra do mellor en actividades de rúa que ofrece Galiza, o resto do estado e de propostas internacionais para desfrutar en familia”. Comezará o vindeiro xoves 7 de agosto na Praza Anxo Fernández Gómez, e incluírá cinco espectáculos que se

celebrarán semanalmente ata o 4 de setembro. Maite Ferreiro destacou que “a resposta do público estes últimos anos fai que un ano máis dende a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua apostemos por esta programación que enche as nosas rúas de arte e chega de xeito gratuito a cultura a todas aquelas que se acheguen”. A primeira cita será *Ovella Negra*, de Dúo Laos, para continuar o 14 deste mes con *El Minotauro*, de Cía Nacho Flores. Continuarán o 21 de agosto con *Crescendo*, de Cía Garrapete.

Academia JM Rivas repartiu tres tabletas ás mellores notas da PAU

Tres estudantes de Segundo de BAC da Academia JM Rivas de Lugo recibiron como premio ás súas notas tres tabletas da marca Lenovo. Tal e como se prometera, o centro de estudos tiña previsto entregar unha á mellor nota do PAU deste ano e outra a través de sorteo, pero debido ao empate de dúas mozas coa nota máis alta, entregaron dúas para elas e unha terceira do sorteo.

Academia JM Rivas quixo premiar deste modo o esforzo realizado por todos os estudantes que participaron no curso intensivo de preparación da proba da universidade que convoca todos os anos cun gran éxito de participación e de resultados.

A PAU é unha proba que ten moito que dicir no futuro profesional dos aspirantes, xa que a nota media coa que rematan a proba acota as carreiras ás que poderán optar. Superar esta fase cunha cualificación alta é importante polo que en JM Rivas realizan este curso intensivo que axuda a todos os que participan a elevar a súa media e ter así máis opcións de futuro. Este ano foi aínda máis importante a súa preparación xa que se estreaba novo formato competencial na PAU, que prioriza a apli-



cación práctica dos coñecementos, polo que os novos exames deste ano incluíron máis preguntas contextualizadas e prácticas, onde se tiña que amosar a capacidade de análise, pensamento crítico e resolución de problemas. O obxectivo do curso intensivo é repasar as materias nas que teñen máis problemas, de forma totalmente individual e personalizada, adaptándose tamén ao ritmo de cada alumno.

Ademais de resolver dúbidas e repasar os temas fundamentais, realizan esquemas cos conceptos básicos, preparan as probas de fonética e redacción do exame de inglés, e traballan coa gramática e os comentarios de textos, a base das probas da PAU.

O equipo de profesores é especialista nas materias que ensinan e

conta con material propio, entre os que se atopan exercicios de exames, conceptos fundamentais, esquemas, resumos, etc. Ademais realizan clases individuais.

EXPERIENCIA. JM Rivas é unha academia de gran tradición e experiencia en Lugo. Comezaron no ano 1986 pero desde 2005 ocupan as instalacións actuais na rúa Doutor Fleming. Empezaron dando apoio aos estudantes de ESO e Bacharelato pero pouco a pouco foron ampliando o seu campo de acción e agora traballan tamén co alumnado universitario e preparan as oposicións, entre outros servizos. As principais liñas de traballo desta academia son as clases en grupos reducidos, para garantir a aprendizaxe, ou individual si a materia así o require.



Recoñecen os mellores expedientes da PAU 2025

Martín Casanova e Isabel Liñares, estudantes que acadaron as dúas mellores notas na Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (PAU) de 2025 no municipio de Lugo, foron recibidos na Casa Consistorial nun acto de recoñecemento pola súa traxectoria e esforzo.

Martín Casanova, alumno do IES Leiras Pulpeiro, obtivo unha cualificación de 9,96 sobre 10, sendo o expediente máis destacado da cidade, mentres que Isabel Liñares, do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, logrou un 9,65, situándose como a segunda mellor nota.

Durante o encontro, as concelleiras de Educación, Iria Buide, e de Cultu-

ra, Maite Ferreiro, salientaron a importancia de poñer en valor a constancia, a disciplina e a implicación persoal que amosan exemplos como os de Martín e Isabel. Iria Buide indicou que “é un orgullo para Lugo contar con estudantes que representan o talento e a capacidade crítica da nosa mocidade” e reafirmou o compromiso municipal coa educación pública como ferramenta de igualdade de oportunidades.

Fixéronlles entrega dun pequeno agasallo en sinal de recoñecemento e animáronos a continuar a súa formación universitaria, que no caso de Martín Casanova encamiñase cara ao grao en Dereito e, no de Isabel Liñares, á carreira de Medicina.

Lugopoética 2025 trae á cidade recitais e conversas literarias

Lugo converterase nun punto de encontro para amantes da poesía coa chegada do proxecto Lugopoética 2025, unha iniciativa que promoverá conversas literarias con autores e autoras galegas durante o último trimestre do ano. A proposta, organizada pola UNED Lugo, inclúe seis encontros que se celebrarán en diferentes xoves, de outubro a decembro, e que serán retransmitidos a través da súa canle oficial de YouTube. Cada cita terá unha duración de 90 minutos, nos que o público poderá escoitar lecturas de versos e reflexións arredor da creación literaria, nun formato bautizado como “Paso a dous”, no que participarán parellas de poetas vinculados entre si pola súa traxectoria, colaboracións ou relación familiar.

O ciclo abrírase o xoves 2 de outubro coas intervencións de Carmen Blanco García e Claudio Rodríguez Fer. Continuará o 16 de outubro cun encontro a tres voces protagonizado por Mar Ferreiro Rozas, Lucía López Cancio e Gustavo E. Díaz Rey. O 30 de outubro será a quenda de Ana Vila Portomeñe e Paco Ledo.

A UNED Lugo aproba un orzamento de máis dun millón de euros

O Centro Asociado da UNED en Lugo acolleu a reunión ordinaria da súa Xunta Reitora, órgano que rexe o Consorcio Universitario. Durante a sesión aprobáronse por unanimidade as contas correspondentes ao exercicio 2024, o plan de xestión da calidade do centro e o orzamento para o ano 2026, que ascende a 1.090.550,17 euros.

A directora do centro, Ana Belén Traseira Pena, presentou o balance académico do curso 2024-2025, destacando unha cifra histórica de 1.200 estudantes matriculados en ensinanzas regradas e un notable incremento da actividade de extensión universitaria, con 8.150 inscricións en 119 accións formativas, o que supón un aumento do 13 % respecto ao ano anterior.

Tamén puxo en valor a consolidación do proxecto de sustentabilidade #LugoNaturalMente, que acadou 77 actividades e chegou a máis de 5.100 persoas. Ademais, incor-

poráronse ao centro catro persoas en prácticas a través do programa SEPE e dúas bolseiras vinculadas aos ODS do Vicerreitorado de Sostibilidade.

O informe anual tamén salientou o impacto do LCDPodcast, que suma xa 22 episodios, 79.000 visualizacións e máis de 13.000 subscritores, así como a implicación activa da UNED Lugo en programas como o STEMBach, o ciclo UNED Sen Fronteiras e a súa aposta pola aprendizaxe-servizo, reflectida en iniciativas como o I Congreso Internacional de ApS en contornas dixitais.

Entre os eventos máis significativos do curso figuran as XXXVIII Xornadas Penitenciarias Lucenses “Concepción Arenal”, as XVII Xornadas Xurídicas Román García Varela, e o recoñecemento do proxecto #LugoNaturalMente como un dos dez mellores no certame nacional “Europa Se Siente”.



Investigación mariña con acento lucense e de impacto global

A investigadora lucense María García Portela identifica unha nova microalga mariña, cunha morfoloxía única e sen precedentes científicos en Galicia

Por Ana Somoza. Unha teca con forma de repolo, un nome en latín e moita emoción científica. A investigadora María García Portela describe Thecadinium brassicum, unha nova microalga atopada na praia do Vao, que engade unha peza ao complexo crebacabezas da biodiversidade mariña.

ORIXE DO ACHADO. A historia comezou entre os grans de area da praia do Vao, en Vigo, durante unha campaña de recollida de sedimentos enfocada no estudo dos dinoflaxelados bentónicos. A investigadora lucense María García Portela, integrante do departamento VGOHAB do Instituto Español de Oceanografía, relata que foi nese lugar onde, ao observar as mostras ao microscopio, viron algo que non cadraba: “Tiña unha morfoloxía moi particular, non se parecía a nada coñecido”. Segundo explica, nese momento comezaron a sospeitar que podía tratarse dunha nova especie. A primeira reacción foi de cautela. “Nestes casos hai que ser moi prudente”, asegura. Iniciaron un proceso metódico para confirmalo: “Realizamos unha análise xenética comparando rexións do seu ADN ribosomal coas doutras especies coñecidas”. A iso sumaron unha descrición morfolóxica detallada, empregando tanto microscopía óptica como electrónica. Finalmente, todo apuntaba ao mesmo: estaban ante unha especie descoñecida para a ciencia.

FORMA E NOME. Cando chegou o momento de darlle nome, a forma do organismo inspirou a elección. “O máis distintivo é a teca na zona apical, que lembra un pouco a un repolo”, explica Portela. Ese foi o motivo de escoller o nome Thecadinium brassicum, facendo referencia ao xénero das brassicaceae. Non só a teca resultaba particular. O patrón das placas que conforman a súa cuberta tamén era único, e o cingulo —a especie de “pescozo” da célula— presentaba un lixeiro desprazamento ascendente con respecto a especies próximas como T. kofoidii ou T. pseudokofoidii. Curiosamente, engade a investigadora, “os exemplares recollidos en Galicia resultaron ser algo máis pequenos ca os recollidos posteriormente en Cataluña”. Atribúe esa diferenza a factores ambientais: temperatura, salinidade ou tipo de sedimento.

IMPORTANCIA CIENTÍFICA. Descricións coma esta non son só cuestións taxonómicas. Para Portela,

cada nova microalga descuberta “é unha peza máis no grande crebacabezas da biodiversidade mariña”. Subliña o papel esencial que xogan estes organismos: “Producen osíxeno, forman parte da base da cadea alimentaria e poden ter aplicacións ecolóxicas, médicas ou industriais”. Neste caso concreto, Thecadinium brassicum non representa ningún risco para a saúde humana. “Non é unha especie tóxica”, aclara. Porén, insiste na importancia de estudalas con detalle, xa que outros dinoflaxelados si poden producir toxinas. Investigar este tipo de organismos per-

“Ao analizar as mostras atopamos un organismo cunha morfoloxía moi particular, que non coincidía con ningunha das especies rexistradas ata o momento”

mite tamén perfeccionar os sistemas de vixilancia mariña. “É fundamental para prever riscos e evitar problemas futuros”, afirma.

ESTUDO DETALLADO. Para analizar a especie, empregaron diversas técnicas punteiras. A observación inicial fíxose con microscopía óptica, pero foi a microscopía electrónica de varrido (SEM) a que permitiu examinar as estruturas celulares con precisión.

Ademais, realizaron unha PCR sobre unha única célula (single-cell PCR) e secuenciaron distintas rexións do ADN, co obxectivo de comparar a nivel molecular coas súas parentes máis próximas. Portela sinala que este tipo de análises son complexas pero cada vez máis accesibles grazas ao avance tecnolóxico. “A xenética ofrécenos unha ferramenta potentísima para distinguir especies que, morfoloxicamente, poden parecer moi semellantes”, afirma.

RICA CONTORNA. Galicia, asegura a investigadora, é un lugar ideal para facer este tipo de descubrimentos. “A nosa xeografía, o afloramento costeiro e a variedade de hábitats mariños crean as condicións perfectas para atopar especies pouco estudadas”, explica. Lembra que moitas destas microalgas viven nos sedimentos ou pegadas a outras superficies, e que a súa pequena dimensión fai que moitas pasen desapercibidas. “Hai moitísimo por descubrir baixo a nosa costa”, insiste. O achado foi posible grazas á colaboración de varias institucións. Portela destaca o papel do Centro Oceanográfico de Vigo (IEO-CSIC), onde traballa, así como o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), o Laboratorio Europeo de Referencia de Biotoxinas Mariñas (AESAN) e o Instituto de Ciencias do Mar (ICM-CSIC). A sinerxia entre estes centros foi clave para chegar á descrición definitiva da nova especie.

PROXECTOS EN CURSO. O achado de T. brassicum non é un feito illado. Forma parte dunha liña de investiga-



ción máis ampla que se desenvolve no departamento VGOHAB do IEO-CSIC en Vigo, onde participan en varios proxectos de ámbito nacional e europeo. Entre os máis destacados está BIOTOX (2023–2026), que analiza as interaccións entre microalgas nocivas como Alexandrium minutum, as súas bacterias asociadas e compostos bioactivos procedentes das pradeiras de Zostera. “É un proxecto moi ambicioso que combina ecoloxía mariña e biotecnoloxía”, comenta Portela. Outro proxecto é CIGUAADAPT, que estuda a presenza de especies do xénero Gambierdiscus —responsables da ciguatera— nas augas españolas. E participan en MARINNONET, unha rede transfronteiriza centrada na biotecnoloxía mariña. A maiores, o equipo forma parte do proxecto RADIALESNorte, un observatorio oceanográfico que desde 1988 realiza seguimentos en cinco puntos do Cantábrico e o Atlántico: Santander, Xijón, Cudillero, A Coruña e Vigo. “É un traballo continuo, que nos permite observar cambios a longo prazo nos ecosistemas mariños”, sinala.

NOVAS XERACIÓNS. Portela considera que o futuro da investigación pasa polas novas xeracións. “Son fundamentais. Chegan con ideas frescas, formación moi sólida e unha sensibilidade ambiental enorme”, destaca. Vese a si mesma como parte dunha xeración ponte: formouse nun momento de transición e agora colabora con mozos e mozas que manexan con soltura as novas tecnoloxías e están comprometidos coa sustentabilidade. Entre os retos que identifica para a ciencia mariña en Galicia, menciona a falta de financiamento estable e a necesidade de mellorar a transferencia do coñecemento á sociedade. “Non chega con publicar artigos; hai que facer que a información chegue á xente e ás administracións”, di. Tamén ve imprescindible atraer e reter talento: “Hai moita xente moi boa que acaba marchando por falta de oportunidades”.


INFANCIA LUCENSE. María García Portela naceu en Lugo, onde cursou estudos no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes. Conta que a súa conexión co mar non viña da familia nin do entorno inmediato. “Sempre me gustou a natureza, pero o mar comezou a fascinarme durante a carreira de Ciencias Ambientais en Salamanca”, explica. Foi alí onde escoitou falar por primeira vez das microalgas tóxicas. “Parecéronme algo misterioso e apaixonante”, lembra. Ese interese levouna a especializarse na súa investigación, e finalmente,

“Cada nova especie que se describe é unha peza máis no grande crebacabezas da biodiversidade mariña”

en 2014, comezou o seu doutoramento en Vigo, no departamento de microalgas nocivas do IEO.

UNHA PAIXÓN DIARIA. Do seu traballo actual no Oceanográfico de Vigo, destaca a posibilidade de “aprender algo novo cada día” e de “achegar unha pequena contribución ao coñecemento mariño”. Tamén valora o feito de traballar cun equipo apaixonado e con acceso a proxectos científicos de gran alcance. “Hai unha motivación compartida, un desexo común de entender mellor o que pasa nos nosos océanos”, afirma.

UNHA MIRADA AO FUTURO. Cando se lle pregunta que lle gustaría conseguir no futuro, responde sen dúbida: “Seguir investigando e formando parte de proxectos que teñan impacto social e ambiental”. E engade que a súa prioridade é que o coñecemento non quede pechado nos laboratorios, senón que se converta en ferramenta útil para a sociedade.



Cruz Vermella visita aos maiores do rural lugués coa Cantina Social

Cruz Vermella puxo en marcha en Lugo unha nova iniciativa chamada Cantina Social, un proxecto que percorre diferentes zonas rurais da provincia a bordo dunha camper especialmente acondicionada para achegarse ás persoas maiores que viven en contornos illados. O obxectivo principal é crear espazos de encontro, participación e acompañamento que melloren a súa calidade de vida e loiten contra a soidade non desexada.

Durante cada visita, os equipos da organización desenvolven con elas actividades como xogos de mesa, exercicios de memoria ou estimulación cognitiva, promovendo así tanto o entretemento como a actividade mental. Unha das propostas máis innovadoras é o uso de lentes de realidade virtual, que lles permite “viaxar” a calquera parte do mundo sen saír da súa aldea, ofrecendo



experiencias emocionantes e estimulantes sen necesidade de desprazarse.

A Cantina Social non só busca o lecer ou o fomento do envelhecimento activo, senón que tamén pretende recuperar o espírito das antigas reunións parroquiais, creando lugares onde a veciñanza poida

xuntarse, conversar e compartir lembranzas. “Queremos que a Cantina Social sexa unha ferramenta de conexión, de lembranzas e tamén de futuro. Que sirva para poñer en valor ás persoas maiores e devolverlles a compañía que tanto merecen”, explican desde Cruz Vermella Lugo.

O PP esixe o arranxo urxente da estrada LU-P-2906 en Cuíña

O Partido Popular reclamou á Deputación de Lugo a reparación inmediata da estrada LU-P-2906 ao seu paso pola parroquia de Cuíña, no concello de Lugo. Esta vía, de titularidade provincial e duns seis quilómetros de lonxitude, conecta Arieiras, Cuíña e Vilalvite, prestando servizo tamén a explotacións agrogandeiras, negocios e empresas, o que lle confire unha alta densidade de tráfico.

Segundo denunciou o PP, o seu estado actual “supón un risco grave para a seguridade viaria” pola presenza de numerosas fochancas de gran tamaño, blandóns, cunetas deterioradas e unha evidente falta de sinalización tanto vertical como horizontal. O voceiro do grupo provincial popular, Antonio Ameijide, acompañado pola concelleira do PP en Lugo Flor Rubinos, desprazouse á zona para comprobar o estado do firme. “É incomprendible como o Goberno provincial permite que unha estrada cun tránsito tan elevado chegue a estar nesta situación”, criticou Ameijide, quen insistiu na urxencia de renovar o firme, arranxar as cunetas, pintar a sinalización horizontal e repoñer a sinalización vertical, moi deteriorada ou directamente ausente en moitos puntos.

O PP defenderá na Deputación a necesidade de acometer esta intervención “por seguridade viaria”, ao tempo que volveu sinalar o deterioro das estradas provinciais.



Impulsan a investigación arqueolóxica no lugar do Corro dos Mouros

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) colaboran nunha nova campaña de investigación e documentación no xacemento arqueolóxico de Corro dos Mouros, situado en Santa María Madanela de Adai, no municipio de Lugo, que se estenderá ata este venres 18 de xullo.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou que o Goberno galego destinou 30.000 euros para avanzar no estudo desta estrutura singular, datada ao final da Idade de Bronce.

Os traballos de campo comezaron o 2 de xullo e incluíron tres sondaxes arqueolóxicas que sumaron arredor de 50 metros cadrados,

permitindo ampliar a superficie escavada nas campañas anteriores de 2023 e 2024. Durante esta intervención tamén se limpou o muro exterior perimetral no lado norte e se tentou localizar a posible entrada no lado sur. Dirixida pola profesora da USC María Pilar Prieto Martínez, esta campaña rexistrou arredor de 1.200 pezas arqueolóxicas.

Corro dos Mouros, tamén coñecido como O Castrillón, é un xacemento tipo ‘roda’ con forma circular e un parapeto ben conservado que pode alcanzar dous metros de altura nalgúns puntos. As análises sitúan a súa construción no século XIII antes de Cristo, con ocupacións posteriores nos séculos X e IX a.C.

A Xunta cede un terreo en San Pedro de Labio para actividades sociais

A Xunta de Galicia facilitará un terreo situado en San Pedro de Labio, no municipio de Lugo, para que poida ser utilizado pola veciñanza na organización de diferentes actividades de carácter social. A proposta partiu da Comunidade de Montes da parroquia, que solicitou formalmente esta cesión para aproveitar o espazo en beneficio do conxunto da comunidade.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Paz Rodrí-

guez, mantiveron un encontro cos representantes da mancomunidade, entre eles o presidente José Mouriz, a secretaria Elena Rancaño e o tesoreiro José Luis Armendariz, para formalizar o acordo de cesión gratuita da parcela.

O terreo conta cunha superficie duns 3.800 metros e inclúe unha edificación realizada pola asociación veciñal a finais da década dos sesenta, así como unha zona habilitada como campo da festa, onde xa se viñan desenvolvendo reunións e celebracións locais.

A regulación das plantas de biogás, no Parlamento

O BNG denuncia que Parlamento de Galicia rexeitara a proposta que buscaba establecer unha regulación clara para a implantación de plantas de biometano, incluíndo distancias mínimas respecto dos núcleos habitados.

A iniciativa só contou co apoio do propio grupo nacionalista, mentres que o PSOE optou pola abstención e o PP votou en contra, malia ter respaldado unha proposta semellante no pleno do Concello de Lugo o pasado 29 de maio.

Durante a súa intervención na Cá-

mara, a deputada do BNG, Montserrat Valcárcel, puxo como exemplo o caso da planta proxectada en Coeses, lembrando que a veciñanza leva máis dun ano mobilizándose para esixir á Xunta a paralización do proxecto.

“A Xunta dálle trato preferente ao declaralo estratéxico, mentres a xente ve comprometida a súa calidade de vida sen amparo legal”, criticou Valcárcel, quen subliñou que “non é unha cuestión teórica, senón unha realidade que afecta a persoas concretas”.

Instalan en Mera unha torre de comunicacións

A Xunta de Galicia instalou unha nova torre de telecomunicacións en San Pedro de Mera que contribuirá a mellorar a cobertura móbil na zona rural de Lugo. O delegado territorial, Javier Arias, comprobou hoxe os traballos e explicou que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) inviste preto de 700.000 euros nas tres torres despregadas no municipio nos últimos meses.

Ao respecto, Arias afirmou que esta instalación culmina os traballos logo de que este ano se colocaran tamén as de Santa María Alta e Gondar. En conxunto, reforzan a cobertura en 15 núcleos de poboación: Alta, Gondar, Bacurín, Carricova, O Burgo, Hospital, San Pedro de Abaixo,

San Pedro de Arriba, Cabanas, Locai, Marcoi, Riobó, Miñao, Vilariño e Torible.

O delegado sinalou que Retegal executa estas actuacións no marco dun plan en colaboración coa Fegamp que beneficia a 290 entidades de poboación de 65 concellos galegos; a empresa pública da Xunta proporciona a infraestrutura mentres que o servizo foi contratado cun operador privado mediante un procedemento de subvención.

Arias destacou que a Xunta “impulsou este proceso para garantir unha cobertura móbil áxil e eficiente en áreas con escasa densidade de poboación, para facilitar a actividade económica e o asentamento de persoas mozas no entorno rural”.

A FONDO

O segredo da eterna xuventude, cada vez máis preto?

O proxecto RENACE busca os biomarcadores asociados ao envellecemento saudable nas persoas centenarias para avanzar na mellora da calidade de vida nas etapas máis avanzadas da existencia, especialmente superados os oitenta anos

Conseguir a inmortalidade foi sempre un tema recorrente en películas e libros, como un elemento de ficción do máis desexable, aínda que o feito de vivir para sempre non sexa do gusto de todos. Pero o que si se considera moito máis desexable é a prolongación da vida, aínda que non a calquera prezo; é importante que esta sexa de calidade.

Nos últimos anos, o que parecía un mito está a converterse xa en algo moi real. O segredo da mocidade xa non é tan segredo e está gardado polos nosos centenarios, aqueles amigos, veciños e familiares que, contra todo prognóstico, superaron os cen anos de vida. Os nosos libros de historia demostrano e os datos estatísticos corroborano: a esperanza de vida de homes e mulleres aumenta, e faíno de forma progresiva e imparabile. Son os centenarios os que confirman este dato, aqueles que nos amosan que vivir por enriba dos cen anos está cada vez máis preto. E son tamén eles os que gardan no seu interior o segredo para chegar tan lonxe.

Para atopar ese segredo, púxose en marcha o proxecto RENACE, que ten como obxectivo final estudar esta lonxevidade nos nosos centenarios e poder extraer conclusións que poidamos aplicar na vida diaria para seguir o seu exemplo de cumprir anos. Este proxecto RENACE (Rexistro Nacional de Centenarios de España) está a cargo dos doutores Pilar Rodríguez Ledo, Cristina Santomé Sánchez e Lorenzo Armenteros del Olmo, desde Lugo e para o resto do territorio nacional. Este proxecto tivo un pilotaxe hai dez anos, cando se estudou a un grupo de 70 centenarios. Agora a meta é máis ampla, quérese aumentar a información “na busca de biomarcadores asociados ao envellecemento activo, xa que seguramente os centenarios de agora non son exactamente os mesmos que os de hai dez anos”, explica o doutor Armenteros. Este estudo non só quere “coñecer”, tamén quere



poder asociar o envellecemento saudable a dar calidade de vida a eses anos. Este estudo, que está promovido pola Sociedade Española de Médicos Xerais e que está na súa fase inicial, xa conseguiu un respaldo importante ao recibir un dos primeiros Premios de Investigación en Saúde Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal. Que o fai diferente esta vez? Algo tan complexo como que no estudo participan especialistas en enfermaría, internistas, xeriatras e pacientes de forma conxunta, aplicando biomarcadores asociados ao envellecemento saudable, que se unirán aos datos clínicos, epidemiolóxicos e sociosanitarios. O proxecto, de feito, está a traballar agora mesmo en crear esa rede de investigadores por toda España.

VIVIR 150 ANOS

O doutor Armenteros avanza que o aumento da esperanza de vida é tan rápido que se estima que se podería chegar a vivir unha media de entre 125 e 150 anos no próximo século. De feito, a OMS estima que os centenarios se van multiplicar por 12 en 50 anos, ou por 15 en Europa, especialmente en Galicia, onde a porcentaxe de

persoas lonxevas é moi elevada. Pero como explica o doutor Armenteros, se a natureza segue o seu curso, “serán moi poucos os escollidos que cheguen a esta idade cunha calidade o suficientemente boa para desfrutar deses anos que están vivindo de máis”. Para poder mellorar iso, teñen claro que hai que comezar desde agora a educar en hábitos saudables, porque ese é o gran segredo “para que a nosa vida, se é máis longa, sexa mellor”. Neste punto destaca que os enfermos de Alzheimer viven moito, aínda que se descoñece a razón, pero a súa calidade non é boa ao estaren desconectados do mundo. “O que temos que facer desde o sistema sanitario e sociosanitario é dar calidade de vida a eses anos”, engade o doutor. E exemplifica coa osteoporose, unha enfermidade que aparece na vellez, pero que está condicionada polos hábitos dos primeiros 20 anos de vida. O gran problema é que se sabe que a nosa vida actual non vai axudar a darnos esa calidade: o estrés, as comidas pouco controladas e o sedentarismo son contrarios a un futuro saudable, por iso a aposta segue a ser educar aos mozos “xa que nos adultos a expe-

riencia dinos que é un fracaso”.

OS TRES PIARES

Como explica Armenteros, o segredo para unha vida longa e de calidade está no coidado de tres piares fundamentais: o sono, a actividade física e a alimentación. “Hai estudos previos que nos din que o verdadeiro segredo é a vida saudable, nin a medicación nin a protección cardíaca”, recalca Armenteros.

Con este novo estudo búscase tamén estudar aos novos centenarios, que tiveron experiencias vitais moi diferentes daqueles que tiñan esta idade hai dez anos. É dicir, estudar o seu pasado e o seu tipo de vida. Nos primeiros indicios, o volume de centenarios é maior nas grandes cidades, pero observaron que a maior parte deles eran persoas que viñan do ámbito rural e migraron ao urbano, cunha vida activa, tanto física como intelectual, e unha alimentación natural.

Xunto a isto, tamén se estudará se existe un condicionante xenético para esta lonxevidade, pero segundo as primeiras aproximacións, si tería peso, pero só nun 15 %, “pero é o entorno o que ten realmente peso”, engade.

O sono, a actividade física e a alimentación son os tres piares básicos nos que se debe educar para acadar, nun futuro próximo, unha esperanza de vida de ata 150 anos





Galicia supera os dous mil centenarios e podería pasar a formar parte da rede de zonas azuis de lonxeidade excepcional que existen no mundo

DE CARA AO FUTURO

Ademais da educación desde a infancia en hábitos saudables, as conclusións médicas din que hai que cambiar a atención sanitaria e tamén a sociosanitaria para as persoas maiores. A aposta está por centros de coidado que lles permitan seguir levando a vida que tiñan e manter a independencia, na procura da felicidade, outro eixe moi importante para dar calidade de vida.

“Sabemos xa como se envellece, a nivel bioquímico, polo tanto podemos lograr, non a inmortalidade pero si ter un maior control”, avanza Armenteros.

Para apostar polo futuro, a idea é coñecer o presente e o pasado. No estudo realizado en 2011 xa se obtiveron resultados importantes sobre estas persoas lonxevas. Entre as coincidencias positivas atopadas estaba a inexistencia de alteracións metabólicas, como a diabetes, ou a falta de tumores, “o que nos leva a pensar en que tiñan unha boa defensa inmunolóxica”. Pero tamén é certo que todos coincidían en ter artrose e hipertensión

O CASO GALEGO

Galicia é un dos lugares de Europa onde existe un volume máis elevado de centenarios, estimándose que roldan os 2.000. De feito, está preto de conseguir a certificación para sumarse ás cinco zonas azuis de lonxeidade excepcional do mundo.

Este listado está encabezado por Okinawa (Xapón) e Cerdeña (Italia), pero Galicia xa acada unha taxa de 75 centenarios por cada 100.000 habitantes, e dentro de Galicia, a provincia de Ourense lidera a estatística. Ademais, os índices de enfermidades coronarias, de cancro e de demencia senil nestes lugares son sensiblemente inferiores aos do resto do mundo.

O recoñecemento aos nosos lonxevos é habitual nalgúns concellos galegos, que non pasan por alto os seus aniversarios, facéndolles un agasallo. Na provincia de Lugo é moi habitual facer esta acción e debido ao aumento dos mesmos. É unha acción coa que se quere deixar claro un respecto pero tamén algo do noso desexo de chegar ata tan avanzada idade, pero de facelo, facelo ben!



ONDE ESTÁN OS CENTENEARIOS?


As zonas azuis son áreas xeográficas do mundo nas que a poboación conta cun elevado número de persoas centenarias, un concepto acuñado por Dan Buettner.

A proporción de persoas centenarias é un indicador que pode amosar dunha maneira máis clara esa variabilidade xeográfica.

En España identificáronse 48 UT que parecen ser zonas azuis, con poboacións que superan as 7,5 persoas centenarias por cada 10.000 habitantes en 2020.

O concello asturiano de Llanes, cunha poboación envellecida pola emigración, ostenta o récord de lonxeidade feminina entre os municipios máis poboados de España, con 29 mulleres centenarias por cada 10.000.

O territorio coa maior lonxeidade poboacional do Estado atópase no cuadrante noroccidental peninsular. Unha UT situada ao noroeste, que inclúe os concellos menos poboados e máis rurais das provincias de León, Asturias, Lugo e Ourense. En conxunto suma máis de 60.000 habitantes e conta con 12,5 persoas centenarias por cada 10.000. Lalín (Pontevedra) e Monforte de Lemos (Lugo), con arredor de 20.000 e 19.000 habitantes, teñen 12,9 e 11,4 persoas centenarias respectivamente. Incluso Ourense, con máis de 100.000 habitantes e 7,9 centenarios por cada 10.000, destaca como a cuarta capital provincial con maior lonxeidade. Llanes presenta unha das proporcións máis altas de España, con 16,3 centenarios por cada 10.000. Tamén destacan pola súa elevada lonxeidade poboacional o oeste de Galicia, tres UT formadas polos municipios máis rurais de Castela e León —excluíndo León— e zonas menos poboadas de Huesca, con entre 9 e 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. É tamén o caso de



Ciudad Rodrigo, con 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. Outras áreas máis rurais de Cantabria, Extremadura, Castela-A Mancha (agás Toledo), Zaragoza, Teruel e Lleida presentan proporcións entre 5 e 7.

A metade das 691 UT presenta unha lonxeidade poboacional baixa (menos de 2,5 centenarios por cada 10.000 habitantes), afectando o 86 % das UT no caso dos homes e só o 27 % no das mulleres. O sur e sueste de España constitúen o extremo oposto, con proporcións moi baixas, inferiores a 5 centenarios por cada 10.000 habitantes, menos da metade da rexistrada no noroeste. Isto acontece en todos os municipios andaluces e nas provincias da costa mediterránea, Baleares, centro peninsular, País Vasco, Navarra e Canarias, así como noutros municipios poboados. En moitas destas áreas a proporción non supera os 2,5 por cada 10.000.

Porén, existen “illas de lonxeidade” no sur. Baena (Córdoba) e Baza (Granada), con arredor de 20.000 habitantes, presentan 17,9 e 11,3 centenarios por cada 10.000 habitantes. Tamén destacan Málaga capital e Coín, con 8,2 e 9,7

respectivamente. Isto contrasta co predominio de proporcións menores de 5 ou incluso 3 por cada 10.000 habitantes.

Na UT do noroeste, así como nas UT de Castela e León e Huesca, a proporción de mulleres centenarias está entre 15 e 20 por cada 10.000, moi superior á dos homes. Lalín e o oeste de Galicia presentan 16,4 e 13,7 mulleres centenarias por cada 10.000. Llanes alcanza o récord: 28,9 por cada 10.000. As UT máis rurais de Guadalaxara e Cuenca teñen 11,3 centenarias por cada 10.000 mulleres.

Pola contra, Andalucía occidental, a Comunidade Valenciana e Baleares, entre outras, presentan menos de 5 centenarios por cada 10.000. Baena destaca con 20,2 centenarias, seguida por Málaga (10,3) e Baza (11,1). Finalmente, a UT do noroeste mostra unha lonxeidade masculina notable, con 6,4 centenarios por cada 10.000 homes, semellante á do oeste de Galicia e dunha UT adxacente composta polos municipios máis rurais de Zamora, Salamanca e Valladolid, que superan os 5 centenarios por cada 10.000 homes. Destacan tamén Lalín (9,1), Valdés (9) e Monforte de Lemos (8).

AO NOSO CARÓN

Adxudican o mantemento de estradas provinciais en Pol, Meira e Castro de Rei

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou este venres adxudicar por un importe de preto de 1 millóns de euros e o período de 2025-2027, o lote 8 do contrato de conservación e mantemento de estradas de titularidade provincial. Así o informou a voceira socialista do Goberno, provincial, Pilar García Porto, quen detallou que, desta forma para completar o contrato “tan só quedaría sacar a licitación e adxudicar os lotes 5, 6 e 7 que corresponden a concellos da zona da Montaña para cubrir os vindeiros dous anos toda a rede viaria provincial”, a máis extensa de toda España, con 4.200 quilómetros. García Porto concretou que o lote que se vén de adxudicar afecta aos concellos de Castro de Rei, Pol e Meira.

A CHMS actúa en máis de 35 quilómetros de ríos da provincia

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa coas tarefas de conservación e mellora dos leitos fluviais da súa demarcación, co obxectivo de facilitar a adaptación ao cambio climático e reducir o risco de inundacións. Esta semana, seis brigadas actúan nos concellos de Castro de Rei, Begonte, Monforte de Lemos e O Corgo, nos ríos Miño, Pequeno, Ladra, Chamoso e Cabe, sumando intervencións en máis de 35,4 quilómetros de cursos fluviais. A intervención, cun investimento superior aos 350.000 euros, está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que achega o 60 % do orzamento no marco do Programa Operativo Pluri-rrexional de España 2021-2027. Segundo explicou o presidente da CHMS, os traballos están deseñados para conservar e restaurar a hidro-



morfoloxía natural dos ríos, mellorando a súa capacidade de adaptación ao cambio climático. Tamén se pretende reducir o risco de inundacións en zonas urbanas, infraestruturas ou parcelas próximas ás ribeiras mediante accións silvícolas que permiten recuperar o bosque autóctono e eliminar barreiras artificiais que alteran a dinámica natural dos ríos. Ademais, levaranse a cabo interven-

cións de restauración hidrolóxico-forestal para controlar a erosión e protexer as marxes en puntos específicos, empregando técnicas non invasivas e ambientalmente sostíbeis. Estas accións enmárcanse no Obxectivo Específico 2.4 do regulamento europeo, que promove a adaptación ao cambio climático, a prevención de riscos e a resiliencia mediante enfoques baseados nos ecosistemas.

A Xunta impulsa melloras no firme de estradas autonómicas

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, supervisan as obras que están a realizar polos concellos da provincia, en concreto en dúas estradas, a LU-113 e a LU-530, nos concellos de Cospeito, Lugo, Castroviride e Abadín, cun orzamento de 3,6 millóns de euros. Allegue puxo en valor que estas melloras abórdanse con planificación e dotación de recursos, subliñando que este ano a Xunta dedica o maior orzamento da súa historia á conservación e mantemento de estradas, cun total de 68 millóns de euros. Estes fondos xa permitiron licitar obras de reforzo de firmes por máis de 43 millóns, o que cualificou como “unha aposta firme pola seguridade, a conectividade e o desenvolvemento sostible do noso territorio”.

friol

A programación de verán continúa as fins de semana do mes de agosto

O Concello de Friol continúa en agosto coa súa variada programación de verán. As actividades desenvolveranse no Parque Rosalía de Castro e están dirixidas a todos os públicos, cunha aposta clara polo entretemento familiar e pola dinamización cultural da vila. A programación arrincou con dúas actuacións no mes de xullo, os últimos dous domingos. Xa en agosto, o sábado día 2, o ilusionista Dani Polo sorprenderá ao público cun espectáculo de maxia pensado para toda a familia. O sábado 9, a compañía Punto en Boca do Centro Dramático Galego porá en escena unha peza de teatro familiar que reflexiona sobre o valor dos oficios tradicionais e o papel das mulleres no mundo téxtil. A programación pecharase o domingo 24 cun espectáculo de circo e clown protagonizado por Mere Clown, con malabares, lume, equilibrios e participación do público. Este ciclo cultural está organizado polo Concello en colaboración coa Xunta, a Rede Cultura no Camiño e o Centro Dramático Galego, garantindo así unha ampla oferta de ocio e cultura para os meses estivais.

EN BREVE

RETORTA. A localidade de Retorta acollerá a fin de semana do 9 e 10 as festas na honra á Virxe do Carme. Haberá unha previa o venres 8, cunha churrascada e unha verbena a partir das 22.00 horas, a cargo do solista Javi Show. O sábado 9, a xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne, procesión e sesión vermú con Fuxión Latina como protagonista, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto a Dani Pardo. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora, con procesión e sesión vermú co dúo Son de Festa, que serán os encargados de dar por rematada a festa coa verbena da noite, que será a partir das 22.0 horas.

CURSOS DE NATACIÓN. O Concello de Friol impartirá cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas novas piscinas municipais a partir de agosto. Estes cursos, que estarán subvencionados impartiranse do 4 ao 29 do próximo mes e o número de prazas é limitado polo que é importante facer a reserva na piscina antes do 25 de xullo. Está dirixido a nenos e nenas que naceran en 2021 ou en anos anteriores. Haberá dúas quendas. A primeira será do 4 ao 14 de agosto e a segunda do

18 ao 29. O prezo será de 20 euros para socios e 30 para non socios.

PACIO. A fin de semana do 9 e 10 de agosto Pacio celebrará as súas festas na honra á Nosa Señora e San Roque. A festividade dará comezo o sábado, ás 13.30 horas cunha misa solemne e sesión vermú a cargo de Javi Show, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto ao grupo Tania Veiras. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora e, nesta ocasión, os protagonistas da sesión vermú serán o dúo Dilema, que se encargarán de dar por finalizadas as festas.

XIÁ. A localidade de Xiá acollerá a terceira fin de semana de agosto as súas festas na honra á Nosa Señora. O prato forte serán os días 15 e 16, mentres que o xoves 14, haberá unha previa cunha churrascada gratis a partir das 21.30 horas e co dj Maikstyle como acompañamento musical. O venres, a xornada comezará ás 13.00 horas cunha misa solemne, sesión vermú e verbena pola noite a cargo da orquestra Compostela. O sábado, o protagonista da verbena será a orquestra Alianza. A maiores, haberá misa e sesión vermú, á mesma hora.



A Rapa das Bestas reuniu a centos de persoas

A comunidade do monte veciñal de Carballo, en Friol, celebrou este domingo 27 de xullo unha nova edición da súa tradicional Rapa das Bestas, cun grande éxito de participación e público, nun día marcado polo bo tempo e a festa. A actividade, que forma parte dun proxecto orientado á recuperación do Cabalo de Pura Raza Galega, comezou a primeira hora da mañá coa busca das bestas no monte por parte de veciños a pé, cabaleiros e amazonas, que as conduciron ao curro. O momento máis agardado da xornada chegou ás 12.00 horas coa loita corpo a corpo entre os aloitadores e os animais, un espectáculo

cargado de emoción no que se puxo especial atención ao coidado das bestas e á aplicación dos tratamentos sanitarios correspondentes. Ao remate, fíxose entrega de recoñecementos aos aloitadores e cabaleiros participantes. A mediodía tivo lugar un xantar popular a base de churrasco. Xa pola tarde, a festa continuou coas carreiras de galope, a partir das 17.30 horas, entre cabalos cruzados e puros, nas que se repartiron premios de entre 150 e 72 euros. A xornada pechouse cunha animada xincana, que contou tamén con oito premios, os catro primeiros entre 100 e 30 euros, e outros catro de 20 euros.

Soltan un mazarico real que foi criado no centro de fauna do Veral

A Xunta de Galicia procedeu hoxe a liberar en Castro de Rei un exemplar subadulto de mazarico real —ave migratoria en perigo crítico de extinción en toda España— despois de completar con éxito a súa cría nas instalacións do Centro de recuperación de fauna silvestre do Veral.

Tras participar no acto de solta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, salientou que o seu departamento, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, traballa desde hai anos para promover o asentamento e a reprodución desta especie na Comunidade, que entre os meses de febreiro e xullo adoita recibir a visita dalgúns exemplares de mazarico real.

Acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e mais a directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, a responsable autonómica explicou que, con tal fin, a Xunta habilitou un espazo de 310 hectáreas localizado no lugar de Rozas para crear un hábitat adecuado e único na Península Ibérica para favorecer a nidificación e cría destas aves en Galicia. Neste sentido, lembrou



que Castro de Rei é o único refuxio de toda a Península Ibérica que alberga poboación nidificante desta especie, rexistrándose en concreto tres exemplares neste 2025: 1 parella e un individuo viúvo.

Precisamente e unha vez que os exemplares de mazarico real se asentaron no espazo habilitado para eles, Ángeles Vázquez explicou que a Xunta e os técnicos da USC colaboran no seu seguimento para localizar os niños, que se protexen con pastor eléctrico.

A continuación os técnicos realizan un seguimento da posta e, en canto se produce a eclosión, recollen os polos e trasládanse ata o CRFS da

Xunta do Veral, onde completan un período de crianza para poder proceder á súa posterior devolución ao medio natural previa aclimatación nun aviario. Trátase dun proceso complexo que busca favorecer a reprodución da especie e incrementar a súa poboación actual.

Neste sentido, a conselleira explicou que este ano se localizaron catro ovos de mazarico real en Castro de Rei, dos cales dous chegaron a eclosionar e foron trasladados ás instalacións do Veral. O día 14 de xullo foron trasladados ata o aviario instalado nas proximidades do seu lugar de nacemento, no Aeródromo de Rozas, pero só un prosperou.

A Xunta licita a reforma do pavillón do CEIP Veleiro-Docampo

A Xunta de Galicia está a acometer este ano 60 actuacións en centros educativos de Lugo cun investimento total de 7,8. millóns de euros, segundo avanzou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, nunha visita ao Colexio Veleiro-Docampo, en Castro de Rei, onde o seu departamento vén de licitar a reforma do pavillón por case medio millón de euros.

Na visita ao Veleiro-Docampo, o conselleiro avanzou que a obra licitada hoxe por 490.000 euros ten como obxectivo principal mellorar as condicións de salubridade e de eficiencia enerxética do edificio. Segundo explicou, a intervención, que se levará a cabo en varias fases, está previsto que arranque en outubro, e conta cun prazo de seis meses de execución, polo que esta primeira parte estaría concluída en abril do vindeiro ano.

Nesta primeira fase reducirase a altura do peche perimetral do pavillón, que será substituído por un cerramento de fachada con panel sándwich. Ademais, procederase ao



illamento da fachada con material Sate, á substitución dos 1.026m² da cuberta e das correas que hai entre os pórticos.

Na visita, o titular de Educación explicou que nesta provincia se avanza na execución de 13 grandes intervencións (que inclúen ampliacións de colexios e institutos e rehabilitacións integrais) e, a maiores, como todos os anos, aproveitase o período estival para intensificar outras 47 melloras de menor tamaño de pequenas reparacións.

Así pois, no apartado de grandes obras, que xa están en execución e que continuarán ao longo dos vin-

deiros meses, a Xunta impulsa trece que suman máis de 7,1 millóns de euros. Delas, cómpre destacar catro actuacións cun importe de case 4,3M€, como é a rehabilitación integral do Instituto Lucus Augusti (que absorbe un investimento de 3,3 millóns de euros), a rehabilitación integral do Colexio Plurilingüe Poeta Avelino Díaz en Meira (874.000 euros) e a substitución de carpintarías e luminarias no Colexio Terra Chá de Vilalba (preto de 200.000). Así mesmo, tamén se vai levar a cabo por vía de urxencia a reparación da cuberta do CEIP As Mercedes de Lugo, cuxo investimento se está concretando.

Arrancan as festas en Castro Ribeiras de Lea

Castro Ribeiras de Lea celebrará as festas na honra a San Roque e ao Doce Nome de María os días 8, 9, 10 e 11 de agosto, cun programa cheo de música, tradición e actividades para todas as idades.

As festas comezarán o venres 8 de agosto cunha churrascada veciñal ás 22:00 horas, para a que será imprescindible presentar o ticket, e continuará cunha verbena a cargo da orquestra Compostela e discoteca móbil.

O sábado 9 actuará a agrupación Os Valuros, celebrárase a misa solemne e procesión, e a verbena correrá a cargo da orquestra Alianza e da recoñecida Panorama, combinada con xogos e animación para os máis pequenos. O domingo 10 de agosto haberá pasarrúas coa charanga 555, misa solemne, pregón a cargo de Don José Carlos Martín, xogos e festa da escuma,

toro mecánico e inchables, e a verbena da noite estará a cargo das orquestras Acordes e Los Satélites, coa tradicional sesión de fogos artificiais á unha e continuación da verbena ata altas horas.

O luns 11 pecharanse as festas con misa solemne e procesión, sesión vermú coa orquestra Escaparte e a verbena final que contará coa actuación de París de Noia, que ofrecerá o seu espectáculo acompañados tamén de Escaparte e Hermos Disco Truk. Durante esta xornada haberá degustación de produtos de razas autóctonas dentro do programa Un Gusto de Rural.

A comisión de festas agradece a colaboración do Concello de Castro de Rei, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e Boaga, así como ao vecindario e empresas que fan posible a celebración destas festas.

A Deputación adxudica varias obras de mellora en estradas da comarca

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación de obras por máis de 500.000 euros para a mellora de dúas estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Castro de Rei, A Pastoriza e Riotorto. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión semanal celebrada no Pazo de San Marcos.

“Con estas novas actuacións seguiremos a facer un esforzo investidor enorme para rehabilitar, manter e mellorar a rede de estradas da nosa provincia, que como sempre recordamos é a máis extensa de todas as Deputacións en España, cun total de 4.217 quilómetros de lonxitude”, valorou García Porto.

Informou sobre as actuacións adxudicadas para as diferentes estradas durante a sesión semanal, detallando que entre Castro de Rei e A Pastoriza, a Deputación adxudicou á empresa Cholo SL por 450.000€ as obras de acondicionamento de tres tramos da LU-P-1106, que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa.

Uns traballos, que terán un prazo de execución de un mes e medio, consistirán na reapertura de cunetas, acometerase unha canalización de formigón para a mellora da drenaxe

ao inicio da estrada, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización, para rehabilitar tres tramos dun total de case 10 quilómetros.

O primeiro esténdese desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azúmara, ata o punto quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de Rei). O segundo tramo intervirá ao seu paso pola parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza, entre os puntos quilométricos 9,5 e 10. Por último, mellorárase tamén un treito dende a rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74.

BEIRARRÚAS. A Xunta de Galicia vén de aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Castro de Rei das beirarrúas, cunetas, franxas de xardín, varandas e a superficie de dominio público viario correspondente a un tramo da estrada autonómica LU-113 ao seu paso polo núcleo de Castro de Ribeiras de Lea.

A solicitude de transferencia foi realizada polo Concello de Castro de Rei á Axencia Galega de Infraestruturas, indicando que este cambio non afecta á calzada nin ás beiravías da estrada, polo que non altera a continuidade da rede autonómica de estradas.

Resolta a primeira fase do concurso de composicións musicais

A Casa-Museo Manuel María fixo pública a resolución do Xurado da 1ª fase da IV edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O xurado decidiu escoller 5 composicións para pasaren á fase final, o máximo que se prevé nas Bases da convocatoria. Unha vez abertas as plicas o resultado o triunfo foi para *Tenrura*, de Manuel Pacheco Sánchez, presentada baixo o lema Kosiesco. Gañou tamén *O meu barco*, de Luis Serrapio Fernández, presentada baixo o lema Marexada; *Nas leves tardes de outono*, de Yónatan Sánchez Santianes, presentada baixo o lema No teu mar de tenrura; *Eu son* de Outeiro de Rei, Manuel María Veiga Lombardía, presentada baixo o lema Cepelo 29 e *Alborada*, Xosé Alfredo Oliveira Pérez, presentada baixo o lema Palla de centeo.

O BNG critica a suba das taxas de lixo e auga

O BNG de Outeiro de Rei vén de denunciar publicamente a decisión do goberno municipal de incrementar nun 30% as taxas de recollida de lixo e do servizo de auga, aproveitando o período estival para aplicar unha medida profundamente lesiva para os petos da veciñanza. Desde o grupo nacionalista o seu voceiro municipal, Miguel Vieito, considera que “a cidadanía non ten por que pagar a incapacidade de xestión dun alcalde que mantén un concello endebedado e sen rumbo”. Esta suba, sinala, “pretende tapar unha política baseada en dilapidar os recursos públicos sen planificación que é o caracteriza a este goberno desde hai anos”. “A única solución que atopan é cargar sobre os veciños e veciñas as consecuencias da súa mala xestión”, denuncian Vieito. “Non po-

demo consentir que se utilicen as taxas municipais para financiar os delirios de grandeza dun alcalde máis preocupado pola imaxe que polos servizos básicos como demostra o atraso que se leva na apertura do centro de día”. A suba de taxas que quere levar adiante agora ven a sumarse a importante suba do 11% do IBI do ano 2023 e as taxas que de forma ilegal esta cobrando polo envío de comunicacións de xestión de biomasa. O BNG reclama a retirada inmediata desta suba e a apertura dun proceso de diálogo no que se priorice o interese da veciñanza e se garanta unha xestión responsable e xusta dos recursos públicos. “Gobernar é decidir e o PP decide que a veciñanza de Outeiro de Rei paguemos máis”, din.

O Convivio da Cultura reuniu centos de persoas



Centos de persoas congregáronse na carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, para celebraren a XIIª edición do Convivio da Cultura Galega. Xornada de festa e encontro ao redor da figura de Manuel María, organizada pola Casa-Museo Manuel María e a Federación de entidades culturais Galiza Cultura.

A mañá iniciouse coa acollida na Casa-Museo Manuel María de todas as persoas participantes por parte da coral compostelá Solfa que interpretou un repertorio centrado no propio Manuel María e en Castelao, político, escritor e artista nacionalista do que se celebra este ano o 75 aniversario do seu falecemento.



Denuncian o abandono da pista de Caldelas e reclaman o desbroce

A falta de mantemento da pista municipal de Caldelas volveu poñer en evidencia, segundo denuncian desde a oposición, a deixadez do Concello de Portomarín en relación co coidado das infraestruturas viarias do municipio. O PSOE crítica co goberno local asegura que, malia estar xa en pleno mes de xullo, “a maioría das pistas municipais continúan sen desbrozar e completamente cubertas pola maleza”, o que cualifican de “inadmisible”. Ante esta situación, avanza que no próximo pleno municipal solicitarán que se acometa de forma urxente o desbroce da totalidade das vías de titularidade municipal. Segundo indican, é imprescindible actuar canto antes para garantir tanto a seguridade viaria como a prevención de incendios.

Abre na localidade un punto de atención sanitaria para peregrinos

O municipio de Portomarín dispón durante o verán dun punto de atención dirixido a peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, unha iniciativa impulsada grazas á colaboración entre a Consellería de Sanidade e Cruz Vermella. O conselleiro Antonio Gómez Caamaño visitou este espazo acompañado polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias; o director de xestión do Plan Xacobeo, Ildefonso de la Campa; e o xerente da área sanitaria de Lugo, Ramón Ares. O persoal voluntario da Cruz Vermella ofrece valoracións e coidados de feridas superficiais, rozaduras ou bochas, atendendo tamén casos de fatiga e sobreesforzo. Só se derivan ao centro de saúde os casos que realmente o requiren, como indicou o conselleiro, quen subliñou que a maior parte das incidencias poden resolverse con atención básica no propio punto habilitado. Este local, situado nun punto estratéxico de Portomarín e cedido polo Concello, está aberto todas as tardes da semana durante o verán, coincidindo cos momentos de maior chegada de camiñantes. Gómez Caamaño destacou que se trata dun espazo especialmente acondicionado para dar respostas rápidas e eficaces aos



problemas máis comúns, moitos deles clave para evitar complicacións que poderían impedir que os peregrinos continúen o seu camiño con seguridade. O titular de Sanidade sinalou que esta iniciativa permite desconxestionar o centro de saúde da vila, un recurso moi demandado debido ao elevado tránsito de peregrinos que atravesan Portomarín, converténdoo nun punto neurálxico do Camiño. A existencia deste servizo representa, segundo o conselleiro, un alivio significativo para o centro médico local e favorece un uso máis racional dos recursos sanitarios dispoñibles. Esta colaboración entre Cruz Vermella e Sanidade insírese na estratexia da Xunta para reforzar a atención

sanitaria durante os meses de maior afluencia. Gómez Caamaño agradeceu o compromiso e o traballo do voluntariado e garantiu que se continuará promovendo este modelo de cooperación co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos e acompañar aos peregrinos na súa ruta cara a Compostela. Antes da visita ao punto de atención ao peregrino, o conselleiro mantivo un encontro co alcalde para tratar asuntos relacionados coa atención sanitaria. Gómez Caamaño reiterou o compromiso do Goberno galego coa veciñanza de Portomarín para garantir unha asistencia médica de calidade, mesmo durante o verán e malia á escaseza de profesionais, especialmente nas áreas de medicina de familia e pediatría.

Regresan os Domingos Folclóricos durante todo o mes de agosto

O Concello de Portomarín, en colaboración coa Deputación de Lugo, celebrará ao longo de todo o mes de agosto os tradicionais Domingos Folclóricos, unha cita xa consolidada no calendario cultural da comarca que enche a vila de música, baile e tradición. A programación comezará o 3 de agosto coa participación da agrupación local A.C. Río Miño de Portomarín e da A.C. Falcatrueiros de Monterroso. O domingo 10 será a quenda da A.C. Meigas e Trasco de Sarria e da agrupación Axeigo de Rábade. O 17 de agosto, a actividade continuará coa A.C. Legua Dereita do Corgo e Os Xígaros de Lugo, mantendo viva a tradición do folclore galego. Xa o 24 de agosto, subirán ao escenario a Asociación Folclórica de Lemavos de Monforte de Lemos e a A.C. O Feitizo de Foz, e a programación pecharase o domingo 31 coa A.C. Río Miño de Portomarín, que volverá actuar, e as Cantareiras D’Xanarés Lugo. Con este ciclo de actividades, Portomarín converte agosto nun mes de encontro coa cultura popular galega, promovendo o folclore local e comarcal e consolidándose como un referente na difusión das nosas tradicións.

A Deputación inicia as obras de mellora da estrada a Monterroso

A Deputación de Lugo vén de comezar esta semana as obras de mellora da estrada LU-P-3303, que conecta os municipios de Monterroso e Guntín a través de Montecalvo.

Esta actuación supón un investimento de preto de 133.000 euros e permitirá renovar por completo os case seis quilómetros de vía que ten este trazado.

A estrada enlaza a N-547, ao seu paso por Montecalvo, coa N-640 en Valdeporrás. Os traballos están a ser executados pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones SA, e inclúen a reapertura de cunetas, o saneamento da explanada e do firme, a reparación de afundimentos e outros desperfectos, así como a repavimentación da vía e a reposición da sinalización horizontal e vertical.

O prazo previsto de execución é de tres meses, aínda que se estima que



as obras poidan estar rematadas antes se as condicións meteorolóxicas son favorables.

Esta intervención enmárcase na aposta decidida da Deputación de Lugo por mellorar a rede viaria provincial e contribuír ao desen-

volvemento socioeconómico dos concellos. Trátase dunha liña de actuación prioritaria para a institución, comprometida coa conservación e mellora da rede viaria provincial, a máis extensa do Estado, con máis de 4.000 quilómetros de lonxitude.

Mougán volve celebrar a Festa do Pemento o día 2

A parroquia de Mougán, en Guntín, acollerá o vindeiro sábado 2 de agosto de 2025 a XXVII edición da súa tradicional Festa do Pemento, unha cita xa consolidada no calendario festivo da comarca lucense. A xornada estará cargada de actividades gastronómicas, musicais e lúdicas para todos os públicos.

Os actos comezarán ás 13:30 horas co pregón e a sesión vermú a cargo do Dúo Élite. Ás 15:00 horas terá lugar unha das citas máis esperadas: a degustación de pementos e churrascada de balde para todos os asistentes.

Pola tarde celebrárase un campionato de tute, seguido do tardeo ás 18:00 horas con música a cargo de DJ Min.

A festa continuará ás 22:00 horas cunha nova degustación de pe-



mentos e cea gratuíta. A organización anima á veciñanza a colaborar mercando camisetas ou gorros do evento.

Como broche final, a partir das 23:30 horas terá lugar a verbena, amenizada polos grupos Bahía e o Gran José Costas, garantindo unha noite de festa e baile.

portomarín



Acordo con Monterroso para a mellora do acceso ao núcleo de Comeás

Os concellos de Monterroso e Portomarín porán en marcha nos próximos días os traballos de mellora do camiño que conduce ao núcleo de Comeás, un vial que pertence a ambos termos municipais.

Esta actuación será posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, que destina un total de 48.199 euros para acometer esta obra de mellora viaria.

Segundo o proxecto previsto, o camiño será dotado dunha nova capa de rodadura axeitada para o tránsito habitual e para o uso que soporta, co obxectivo de eliminar

as constantes fochancas que dificultan a seguridade na circulación. Estímase que os traballos teñan unha duración aproximada dun mes.

Os alcaldes de ambos concellos, Eloy Pérez por parte de Monterroso e Pablo Rivas no caso de Portomarín, desprazáronse recentemente ata a zona para comprobar o estado actual do camiño, que presenta múltiples deficiencias. Ambos aproveitaron para agradecer o apoio do Goberno galego, que permitirá acometer o acondicionamento desta vía compartida.



A música encherá as tardes de agosto co ciclo 'Tardeos'

A Praza do Camiño de Portomarín será o escenario dos 'Tardeos', un ciclo de concertos e actuacións culturais que se celebrará ao longo do mes de agosto.

A iniciativa, organizada polo Concello de Portomarín en colaboración con AGADIC e a Xunta de Galicia, ofrecerá espectáculos gratuítos para todos os públicos, sempre ás 20:00 horas.

O programa arrinca o 2 de agosto coa actuación da banda Carta de Ajuste. O 11 de agosto será a quenda de Os Piñeiros Band, mentres que o 16 de agosto subirá ao escenario o Trío – Los Wavy Gravies.

A programación continúa o 23 de agosto cunha proposta teatral a cargo de Lila Teatro, e remata o 31 de agosto coa actuación musical de Martín Human.



O PP urxe ao Goberno Provincial a reparar unha ponte na LU-P-2405

O voceiro do Partido Popular na Deputación, Antonio Ameijide, xunto ao alcalde de Guntín, Ángel Pérez, inspeccionaron o estado das estradas provinciais no municipio, poñendo especial atención á LU-P-2405, que conecta Guntín con Entramasaugas, San Román e As Pardellas, sinalando que esta vía presenta un perigo elevado para os usuarios.

Un dos puntos máis críticos é unha ponte situada nunha curva onde, no caso de que se crucen dous vehículos, existe un risco considerable de que un deles caia ao río debido a que a parte interior da ponte está afundida e carece de varandas ou calquera tipo de protección. Ameijide destacou que "o perigo nesta estrada é moi evidente, podendo os condutores precipitarse ao regato que transcorre debaixo".

Ademais, o voceiro popular chamou a atención sobre o deterioro xeral da

vía, que precisa con urxencia renovación do firme en varios tramos, así como a mellora da sinalización horizontal e vertical.

Pola súa banda, o alcalde Ángel Pérez reclamou a reparación desta e outras estradas, subliñando que "PSOE e BNG deberían mostrar maior compromiso co mantemento da rede provincial, xa que dispoñen de máis recursos económicos e técnicos, mentres que os concellos deben facer grandes esforzos para conservar en bo estado as vías municipais".

Pérez destacou que a LU-P-2405 require unha intervención inmediata, xa que en moitos puntos as cunetas están desaparecidas, o que provoca que a auga discorra pola estrada e danen o firme. "Non se comprende que un traballo tan sinxelo como limpar as cunetas para evitar o deterioro non se leve a cabo", engadiu.

“Non hai obrigas, pero queremos darlle ao Corgo para arriba”

Falamos con Jose Chousa, presidente da Asociación Os Cinco Ríos desde 2019

Jessica Fernández

Cando xorde a Asociación Cultural Os Cinco Ríos?

A asociación nace en 2019 e fixemos algún acto, pero coa chegada da pandemia tivemos que suspender case todo. A vontade da formación deste colectivo xorde porque no seu momento eu fun concelleiro no Corgo e, cando o deixei, cría que O Corgo necesitaba algo a nivel cultural, porque desde o Concello non se facía. A xente tiña unha necesidade de que houbera unha asociación municipal, ademais das que hai a nivel parroquial, pero botábase de menos unha que fixera algo para todos, para a veciñanza das 28 parroquias do Corgo.

Que obxectivos ten?

A nosa intención, desde o principio, foi aportar algo á sociedade co fin de restablecer a vida no municipio e nas parroquias. O noso municipio é moi extenso e hai moito despoboamento, porque temos 38 parroquias, pero en cada unha igual quedan 2 ou 3 casas con xente e están sos e desanimados, polo que decidimos intentar facer cousas para dinamizar a vida municipal. Agora, temos arredor de 600 socios que pagan unha cota, por casa, de 10 euros ao ano, co cal non pedimos moito, só que se involucren máis para facer cousas.

Que actividades levan a cabo?

Nós comezamos a facer actividades

culturais e deportivas, recuperamos a fogueira de San Xoán, organizamos un campionato de tute, organizamos mercados mensuais para traer postos de artesanía e gastronomía ao Corgo, organizamos o mercado de Nadal, fixemos excursións, unha cea da asociación, e organizamos a Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios. O mercado mensual é un éxito total porque temos 35 postos de artesáns e postos, pero tiña que vir máis xente para que estes artesáns estean máis contentos. E tamén fi-

“Necesitamos implicación por parte da veciñanza e das institucións e logo tamén cartos para poder desenvolver as nosas actividades”

xemos algún escrito para pedirlle ao Concello do Corgo necesidades da veciñanza, e igual deberamos facer algún máis.

Por que é importante este labor para O Corgo?

É importante para O Corgo porque dinamizamos a actividade cultural

do municipio. Ademais, as nosas actividades son un éxito, a xente disfruta moito. Por exemplo, a Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios atrae moitísima xente do Corgo e tamén dos concellos do redor, como xente de Láncara, do Páramo, de Lugo, de Castro de Rei, de Guntín, ou de Baralla, que tamén contamos con esas persoas para que se inclúan na asociación.

Contan con axudas institucionais?

Si, contamos con axudas do Concello, da Deputación e da Xunta. No caso do Concello do Corgo, ao principio non tanto, pero agora sempre que pedimos algo, colaboran con nós e cédennos espazos para facer algunha actividade, aínda que cremos que podían facer máis, xa que as actividades que organizamos como asociación cultural debería propoñelas o Concello ou que o concelleiro de Cultura estivera con nós organizando as actividades.

Cales son as necesidades?

Nós necesitamos implicación por parte da veciñanza e das institucións e logo tamén cartos para poder desenvolver as nosas actividades. Agora mesmo somos 7 na directiva, pero chegamos a ser 15 e cando nos constituímos había un coordinador en cada parroquia para así poder atender a todas as necesidades da veciñanza, pero era un proxecto grande, era difícil xuntarse, e a xente



foise desvinculando. E con respecto aos cartos, nós non lle pedimos axudas ás institucións para nós, é para a xente, xa que a nosa asociación é municipal e fai unha actividade moi importante, polo que debería estar subvencionada e apoiada pola administración pública, porque ao final facemos un labor que deberían facer elas. Tamén se necesita diñeiro para mercar cousas que necesitamos, como mesas, cadeiras... unha asociación como a nosa, ademais, necesitaría un local social para levar a cabo todas as nosas actividades. E tamén nos gustaría poder contar con suficiente xente como para poder ir ás parroquias e xuntar á xente maior que vive nelas nas antigas escolas e facer alí actividades. Ninguén nos obriga a facer certas cousas pero nós queremos darlle ao Corgo para arriba, e incluso estamos dispostos a deixarlle a xente a nosa asociación para que faga as súas festas, actividades, etc.

Como ve a asociación no futuro?

Dentro da directiva houbo moitos

cambios. Hai xente que comezou comigo e dos que realmente comezamos quedamos dous, eu funme quedando e nestes momentos non hai xente como para seguir traballando nas mesmas actividades, é dicir, non hai xente con ganas de perder o seu tempo nesta asociación. Eu creo que fixemos todo o que tiñamos que facer nestes anos, levando ao Corgo cousas que necesitaba e das que necesitaba e non chegamos foi por falta de diñeiro. Nós demostramos que facemos cousas e necesitamos esa axuda, pero non é complicado. Eu este ano quero marchar da directiva, pero antes quería conseguir traer a Orquestra Os Satélites ao Corgo, que é unha demanda da veciñanza de hai moito tempo, pero a ver se conseguimos esa meta. Logo, teremos unha asemblea xeral na que se presentarán as persoas que queiran para constituír a nova directiva. Oxalá que haxa alguén que colla o remo, e, se non, a asociación seguirá cunha pausa ata que chegue alguén que retome o traballo feito.

Valcárcel pide prorrogar a moratoria do eucalipto pola regresión do piñeiro

A parlamentaria do BNG, Montse Valcárcel, e a concelleira do BNG, Pilar Bellón, mantiveron un encontro con representantes do sector dos aserradoiros para abordar a grave crise que atravesamos o piñeiro, unha especie que está en clara regresión e da que dependen directamente moitas empresas de transformación da madeira en concellos de todo o país. A formación nacionalista esixe á Xunta que prorrogue a moratoria vixente sobre novas plantacións de eucalipto, que remata este ano, así como a posta en marcha inmediata de medidas fitosanitarias eficaces para combater as pragas que afectan ao piñeiro e o deseño de políticas para mitigar a perda desta especie e

buscar alternativas viables ao Pinus radiata nas áreas máis afectadas. Segundo os datos recollidos no Inventario Forestal Continuo de Galicia, nos últimos quince anos desapareceron máis de 140.000 hectáreas de piñeirais, a un ritmo de 9.300 hectáreas anuais. “Este ano a perda está a ser aínda maior, e a inacción da Xunta só contribúe a empeorar a situación”, advertiu Valcárcel, que defendeu que o piñeiro ten un papel clave na multifuncionalidade dos montes galegos, máis alá do seu valor madeireiro. “A súa presenza tamén é importante para o aproveitamento silvopastoral, a obtención de leña, a recolección de cogomelos, a produción de resina e o lecer”, dixo.

A Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios será do 1 ao 3 de agosto

A Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios do Corgo, organizada pola Asociación Os Cinco Ríos, celebrárase os días 1, 2 e 3 de agosto cunha proposta que combina tradición, cultura e emprendemento no medio rural.

A cita foi presentada na Deputación de Lugo, onde o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, confirmou que a institución provincial apoia o evento cunha achega económica de 3.500 euros. No acto participaron tamén o presidente da Asociación de Veciños Cultural e Deportiva Os Cinco Ríos, José Chousa López, e varios membros do colectivo. A programación da Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios

arrancará o venres cunha pancetada popular e o concerto do grupo Calibre. O sábado haberá feira dende as 10:00 horas, concentración de motos, sesión vermú con Mar de Caión, xogos tradicionais pola tarde e verbena á noite co trío Mar de Caión e disco móbil DBC.

O domingo inclúe concentración de vehículos clásicos, pregón, actuacións musicais, degustación gratuíta de cordeiro ao espeto, festa da escuma e actividades para os máis pequenos. O trío Vaivén porá a música final da xornada e os sorteos serán o colofón dunha fin de semana dedicada á dinamización do rural e ao apoio ao produto e oficio local. Rivera destacou que esta mostra “é



moito máis ca unha feira: é unha expresión do potencial do rural, non só como espazo de memoria, senón tamén como lugar de creatividade, innovación e identidade”. Subliñou ademais o traballo da entidade organizadora, que “ano tras ano saca adiante un evento singular que pon en valor o traballo feito con coidado e con raíces no territorio”.

Deputación e Concello investirán 600.000 euros na mellora de vías

A Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde colaborarán cun investimento conxunto de 600.000 euros destinado a mellorar a mobilidade e os servizos públicos no municipio.

Cada administración achegará 300.000 euros, permitindo executar actuacións en case unha vintena de parroquias, co obxectivo de responder ás necesidades da veciñanza e mellorar a calidade de vida no rural.

O presidente provincial, José Tomé, destacou que esta nova colaboración “amosa o compromiso firme da Deputación con concellos que, como Castroverde, dispoñen de menos recursos, pero precisan mellorar e ampliar os seus servizos públicos”. Subliñou que estas actuacións “garanten a igualdade de oportunidades e contribúen a reforzar a cohesión territorial”.

O alcalde de Castroverde, Xosé María Arias, valorou positivamente o acordo e explicou que permitirá dar resposta a demandas veciñais “en infraestruturas fundamentais para facilitar a mobilidade e garantir servizos básicos en todas as parroquias”.

O plan contempla seis grandes liñas de actuación centradas, principalmente, na mellora de vías e accesos municipais. A intervención



máis relevante será a rexeneración do firme en 14 accesos a estradas municipais, cun orzamento de 237.000 euros, beneficiando parroquias como Bolaño, Vilabade, Riomol, Masoucos, Pumarega, Furís de Abaixo, Porcín, Páramo, San Paio de Arcos, Moreira e Montecubeiro. Ademais, investirase máis de 170.000 euros na pavimentación de zonas como O Couso, Espasande, O Latadal, Outeiro, San Paio e Moreira, onde tamén se acometerán obras de drenaxe e canalización para mellorar a seguridade viaria e evitar inundacións. Por outra banda, reservaranse preto de 50.000 euros para acondicionar o vial entre Furís de Arriba e

O Latadal, así como outras actuacións en Tórdea, Espasande, Outeiro e San Xuliana.

Tamén se mellorará o acceso ao núcleo de Miranda, ampliando o gálibo, renovando o firme e poñendo en valor unha contorna próxima a unha fonte protexida, cun investimento de 50.000 euros. Outra das actuacións destacadas será a mellora do camiño agrícola da Valiña, en Montecubeiro, esencial para o acceso a parcelas agrarias e forestais.

Finalmente, a rede municipal de abastecemento de auga será ampliada ata o núcleo de Covelas, garantindo o acceso á auga potable para os seus habitantes.

Amplían o campo da festa e estrean unha nova pasarela peonil

O Concello de Castroverde vén de completar a ampliación do seu campo da festa, tras adquirir dúas parcelas situadas nas inmediacións do recinto actual e realizar os traballos necesarios para mellorar a accesibilidade e funcionalidade do espazo.

A operación supuxo un investimento total de 83.000 euros, repartidos entre a compra das fincas —25.000 e 28.000 euros, respectivamente— e os 30.000 euros destinados ao acondicionamento e integración das mesmas.

Coa ampliación do campo da festa, o municipio busca ofrecer mellores condicións para a celebración dos distintos eventos lúdicos e sociais que teñen lugar ao longo do ano, garantindo un espazo máis amplo, cómodo e seguro para a veciñanza e para quen visite Castroverde nas datas sinaladas do seu calendario. Ademais, o Concello vén de re-



matar tamén a construción dunha nova pasarela peonil que conecta a zona do Cortés co Centro Gandeiro, unha infraestrutura que facilita o acceso ao recinto da feira e mellora a mobilidade na contorna. Xa en funcionamento, a nova pasarela permitirá un tránsito máis seguro e fluído durante os días de feira e nas principais celebracións do mu-

nicipio.

Estas actuacións forman parte do compromiso do goberno local por mellorar os espazos públicos, favorecer a accesibilidade e poñer en valor as tradicións e festas populares, contribuíndo a crear un ambiente máis acolledor e funcional tanto para os residentes como para as persoas visitantes.

Manuela López Besteiro recibirá unha medalla Emilia Pardo Bazán

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a resolución pola que a Xunta de Galicia concede a Medalla Emilia Pardo Bazán á política galega e ex conselleira, Manuela López Besteiro; á deportista olímpica María Teresa Portela Rivas; e á Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia (UPA), encargada da protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Medalla Emilia Pardo Bazán é un recoñecemento ao labor que desenvolven as persoas e institucións premiadas a prol da igualdade de xénero entre mulleres e homes en Galicia. Este galardón foi creado pola Xunta no ano 2019 para conmemorar publicamente todas as accións que contribúen á sensibilización social e a dar visibilidade ao talento das mulleres e de todas as entidades comprometidas coa eliminación da discriminación de xénero e a construción dunha sociedade máis igualitaria.

Este recoñecemento leva o nome de Emilia Pardo Bazán, muller precursora na defensa dos dereitos



das mulleres e do feminismo, así como do acceso á educación das mulleres, ideas que trasladou á súa obra literaria.

Nesta ocasión, o xurado distingue a Manuela López Besteiro, política galega nacida en Castroverde que exerceu de conselleira de Familia, Muller e Xuventude entre os anos 1993 e 2002, nunha época na que desenvolveu un labor fundamental para reivindicar os dereitos das mulleres e dar visibilidade á importancia da conciliación e da corresponsabilidade como garantía dunha sociedade máis igualitaria.



Rafael Dueñas gaña o Certame de Pintura rápida

O Centro Sociocultural de Rábade acolleu a entrega de premios do 17º Certame de Pintura Rápida, que contou coa participación de preto de medio cento de artistas chegados de diferentes puntos do país. O acto estivo presidido pola alcaldesa, Reme González, quen destacou a calidade das obras presentadas e o compromiso de Rábade coa cultura e a arte. O primeiro premio foi para Rafael Dueñas Carazo, de Avilés, que recibiu 1.200 euros e diploma patrocinado polo Concello de Rábade. O segundo galardón recaeu en Manuel Ángel Serantes Morán, de Ponferrada,

cun premio de 800 euros e diploma patrocinado por Finsa. O terceiro premio foi para Cynthia Díaz Menéndez, de Xixón, con 600 euros e diploma patrocinado por Mercontrol Agroalimentaria. O cuarto premio foi para Alfredo Hernández Perdomo, de Lugo, con 500 euros e diploma patrocinado por Sariago.

Ademais, entregáronse tres accésits de 100 euros a Nora Gallego Pascual, de Murcia; Miguel Tierra Rodríguez, de Monforte; e José Reyes Ramos, de Biscaia, recoñecendo así o talento amosado polas súas obras durante a xornada do certame.

COLABORACIÓN

A burocracia e a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil

O PUPITRE



Julio Díaz

Administracións educativas, desde hai xa décadas, tomaron unha deriva burocrática que fai que en moitas ocasións cheguemos a cuestionarnos que tipo de educación estamos a darlle ós/ás nosos/as alumnos/as e si realmente, os estamos a preparar para afrontar os desafíos que un mundo laboral tan competitivo como temos lles vai esixir, ou, simplemente somos un oficinista máis na engrenaxe do noso centro educativo.

“Se non se rexistra, non ocorre”, parece que o único que importa é que se vexa reflectido nun documento. Un exceso de papeis, formularios, trámites, actas, documentos, co-

municados, proxectos curriculares, educativos... que como xa dixen imos incrementando. O tempo que os docentes dedicamos “ós papeis” e procesos administrativos co fin de asegurar unha falsa calidade educativa que transparente o labor docente en detrimento dun bo labor educativo, como si iso fose preciso!!

Os docentes debemos cumprimentar ó longo de todo un curso unha inxente cantidade de documentos administrativos que detraen o tempo da atención directa do alumnado, a preparación específica das clases e aos proxectos innovadores, sen que o docente teña constancia da súa utilidade para mellorar a calidade do proceso educativo.

Nós queremos dar clase, e atender o mellor posible ao noso alumnado e non pasar “media vida” cubrindo e revisando documentos do que deben e debemos facer. Cantas veces se co-

bren só con fins estatísticos, cantas veces enchemos cuestionarios, formularios, planillas que ninguén le nin supervisa! Todo o que se fai ao redor da aula debe ser controlado, pero a maior parte das veces non co fin de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe senón cun afán fiscalizador que nada achega a un ensino de calidade.

A deriva burocrática na que caeu a educación convértese nun problema que ameaza ser irresoluble, que ten empeñadas as administracións educativas en transformar os docentes en oficinistas e administrativos que xeren inxentes cantidades de datos que aproveitan para presentar estadísticas coas que poder demostrar mediante gráficos, diagramas, pictogramas, dossiers... a efectividade da súa xestión e que a nos como docentes nada nos achega na nosa capacidade de transmitir coñecementos e

valores, que é a tarefa que a sociedade nos encomendou, facéndonos caer na impotencia e no desalento de vernos día tras día fiscalizados, sabendo que diso non depende o éxito ou fracaso educativo dos/as nosos/as alumnos/as.

Na escola burocrática, o procedemento é un fin en si mesmo. O bo docente xa non é o que ben sabe ou ben ensina, e o que mellor cumpre o proceso administrativo establecido. QUE MÁGOA!

Debemos rematar XA esta “pandemia burocrática” analizando as razóns polas que o sistema educativo naufragou neste mar de documentos e impresos e alcanzou as desproporcionadas dimensións que engulen os docentes nun sinsentido de

xestións e tramitacións que o afastan do fin educador que a sociedade nos outorgou.

Precisamos con urxencia un cambio radical das nosas administracións que nos garantan que a nosa función principal é a docencia, deixando as tarefas administrativas para persoal especializado neses labores.


É imprescindible que non vexamos cercenada o noso insubstituíble labor de ensinar, con tediosas tarefas administrativas que constitúen a máis daniña agresión que se lle pode facer ao sistema educativo.

Gustárame rematar cunha frase de Carlos Castillo Peraza, escritor e periodista, que dicía:

“A burocracia e a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil”.

Malos tempos...

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Para a Lirica, como dicía aquela mítica canción dos anos oitenta, que literalmente pretendía esa expresión describir momentos nos que a sensibilidade, a creatividade e a reflexión profunda quedaban superados por unha realidade focalizada no material e no superficial. Permitírame o fabuloso grupo da movida viguesa que cantaba o citado tema que o tomemos como referencia para referirmonos a algúns episodios que se estiveron a producir no sureste peninsular recentemente e que foron noticia nos medios de comunicación. Primeiramente, uns mozos agreden a un señor maior mentres outros gravan semellante valentía por un desafío viral –obxectivo acadado, sen dúbida-; os elementos en cuestión, uns rapaces moi

novos, de orixe magrebí, deixaron a vítima coa cara marcada polos golpes recibidos. A continuación, a reacción capitaneada e alentada desde certos ámbitos políticos e mediáticos, onde a consigna era a caza do inmigrante. Así, observamos como a localidade murciana de Torre Pacheco e todo o que alí acontecía fíxéronse tristemente famosos, sendo o tema principal de tertulias e noticieiros.

Pero que sociedade estamos a construír, cumpriría preguntarse en voz alta. Que poden ter na cabeza uns raparigos de apenas vinte anos para decidir mallar nun home que podía ser o seu avó, gravalo como se fose unha película e difundir esas abominables imaxes a través das redes sociais; cal é a satisfacción que puideron levar dentro de si unha vez finalizada a súa actuación. Custa atopar respostas a estas cuestións.

Agora ben, analicemos a iniciativa dos que se auto proclaman defensores da patria, os que convocaron

as masas para acudir a ese municipio coa finalidade de poñer orde e protexer a poboación autóctona –a quen lle outorgan dita condición esta xente?...-. Acaso estes individuos, co seu discurso cargado de racismo e xenofobia, con repetición de falsedades e medias verdades, destrozando locais comerciais polo mero feito de ser rexentados por unha persoa estranxeira, ameazando e incluso pegando a un cativo que tiña uns trazos que o facían merecedor de castigo, van ser quen de resolver ou cando menos minorar algún dos problemas existentes... Apagar o lume con gasolina nunca resultou unha boa opción. E para exemplo, esta fórmula capitaneada por certos elementos que non son mellores cóos agresores, os cales, por certo, si foron cazados, pero por quen corresponde, polas forzas e corpos de seguridade do estado, e postos á disposición do poder xudicial, non por matóns que espallan odio alá por onde pasan. Focalizar toda a rabia

O RECUNCHO DE CANELINA



sobre un determinado colectivo por unha acción concreta é un craso erro. Condutas como as sinaladas resultan impresentables nunha sociedade como a nosa e merecen ser condenadas sen ningún atenuante. A práctica da violencia debera ser desterrada e conviña tratar de contrarrestar estas

arengas que non solucionan nada. Malos tempos para a lirica, sen dúbida que si. Menos mal que as palabras do propio Domingo, quen sufriu a agresión, cheas de sentido común, convidan a certo optimismo ante semellante desfeita. Tomemos exemplo deste home, que moito mellor nos irá.

LUGOXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DEPUTACIÓN

Aprobada a reclamación para manter os servizos sanitarios no rural no verán

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes en sanidade, que manteña os servizos médicos nos consultorios do rural da provincia durante o verán e que active un plan de choque para evitar peches e redución nos horarios de atención. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo tras unha proposta de Goberno que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP.

Explicou o Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria, que “temos hoxe moitos consultorios pechados, xustamente durante o verán que é cando máis xente hai”. Enmarcou a iniciativa “no compromiso da institución cos servizos públicos universais e de calidade, especialmente coa sanidade” da institución provincial, considerando os recortes “un sin sentido que vai en contra do traballo que todos facemos para consolidar a provincia como un destino turístico sostible e atractivo”.

Nesa mesma liña, a Deputada pola Chaira, Marisol Morandeira, engadiu que a Xunta “consigue facer realidade algo máis difícil aínda: empeorar máis a deficiente atención sanitaria que reciben os galegos e as galegas”. Explicou que ás eivas tradicionais



de longas listas de espera, déficit de persoal, e aos problemas crónicos en urxencias e atención primaria, ou a “sanidade de segunda” no rural, “se suman coma sempre os recortes de verán”, que provocan unha descompensación maior, posto que se trata dunha época do ano no que tamén se incrementa a poboación.

Morandeira citou ao Conselleiro de Sanidade, que anunciou o peche do 8,3% das camas hospitalarias no verán e tamén “dalgún consultorio, como todos os anos” e lamentou que na provincia de Lugo, “como resultado do desmantelamento das áreas sanitarias de Monforte de Lemos e A Mariña, a porcentaxe de

camas hospitalarias pechadas será do 11,5%; máis de tres puntos por encima da media galega”.

Detallou a deputada que en Guitiriz, os recortes extra de verán van supoñer o peche, “probablemente por tres meses”, do consultorio de Parga. Tamén que cerren os de Doiras, no concello de Cervantes, ou o de Castro de Rei, que desde a pandemia non recuperaron o horario normal de luns a venres. Na Mariña, o consultorio de Cervo e Centro de Saúde de San Cibrao compartirán unha única médica.

O texto da proposta recolle, ademais, instar á Xunta de Galicia a apertura dos consultorios de Par-

ga, Doiras e Castro de Rei, coa recuperación dos seus horarios habituais; a recuperación dos servizos e ampliación de horarios no consultorio de Cervo e no Centro de Saúde de San Cibrao; e a substitución de todas as prazas de medicina de familia que se atopan sen cubrir por xubilación en Oural, O Valadouro, Ribadeo, Trabada, Viveiro, Xove e naqueles centros nos que existe ausencia de profesionais sanitarios, como no caso do Vicedo ou Riotorto.

A voceira do grupo provincial do BNG, Iria Castro, volveu poñer o foco na escaseza de profesionais de medicina de familia e pediatría en numerosos centros de saúde da provincia de Lugo. Advertiu de que o plan da Xunta para o verán “volta a basearse na precarización dos médicos residentes, que exercen sen unha supervisión clara, e na prolongación voluntaria das xornadas laborais”. Fixo unha crítica irónica ao respecto: “¿Están preparando un festival ou xestionando a sanidade pública galega?”, preguntouse.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS. A Corporación Provincial acordou na sesión plenaria dúas Declaracións Institucionais: unha delas realizada con motivo do Día Internacional con-

tra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos -que se celebrará o vindeiro 23 de setembro-; e outra na que a institución provincial pon de manifesto o “firme compromiso” de acadar unha sociedade baseada no respecto a lei e a convivencia. Todos os grupos políticos con representación na Deputación de Lugo -PSdeG, BNG e PPdeG- acordaron aprobar ambos textos que pretenden erradicar calquera forma de violencia, discriminación e odio, e promover unha sociedade inclusiva e segura baseada na igualdade e nos dereitos humanos.

Ademais, a Deputación tamén amosa o seu apoio ás políticas públicas que protexen ás vítimas, fomentan os valores educativos e fortalecen a cohesión social. Así mesmo, pon en valor a importancia de manter unha colaboración activa entre as administracións locais, as forzas de seguridade e a sociedade civil para construír un entorno libre de explotación, racismo e calquera forma de discriminación.

No mesmo pleno, o PSdeG non logrou sacar adiante a moción na que pedía que Elena Candia, presidenta provincial do PP, deixase a política e pedise desculpas ás persoas afectadas pola Operación Pulpo, na que foi investigado o socialista José Ramón Gómez Besteiro, expresidente da Deputación. O BNG optou pola abstención, algo que o voceiro do PP, Antonio Ameijide, interpretou como “a soidade política de José Tomé”, ao que instou a dimitir directamente.

Licitadas as prestacións básicas de Centros de Atención a Maiores

A Xunta de Goberno aprobou a licitación dos contratos para a prestación dos servizos básicos nos 9 Centros de Atención a Maiores que a institución provincial ten en funcionamento por un importe conxunto de case 7 millóns de euros. Así o avanzou a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que “a duración do contrato será dun ano prorrogable por outras tres anualidades máis”.

Nestes contratos inclúese a cobertura na área de formación básica e instrumental, en actividades e programas, e tamén en servizos xerais para a promoción da autonomía persoal e a atención aos usuarios e usuarias como alimentos, bebidas, produtos de hixiene, etc. Ademais, inclúense os custos derivados da contratación de persoal necesario para dar cobertura a este tipo de prestacións: persoal de limpeza,



persoal de cociña e xerocultores e xerocultoras.

García Porto avanzou que son preto de 7 millóns de euros de orzamento que se licitan en contratos individuais para cada centro. “Estas cifras dan conta do gran esforzo investidor que estamos a facer para manter os

centros de atención a maiores que puxemos en marcha desde a institución provincial. Asegurando así os mellores coidados e as mellores condicións de vida e de benestar dos 293 usuarios e usuarias que atendemos nos nosos centros”, recalcou a voceira



Apoio a Raiolas Lugo

A nova xunta directiva da Asociación Raiolas Lugo, entidade que agrupa a pais, nais e persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e trastornos de comunicación social, foi recibida polo presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca.

Durante o encontro, Tomé Roca salientou os 25 anos de labor “tan fundamental como necesario” que Raiolas Lugo leva desenvolvendo na atención das persoas con TEA e as súas familias. “Co seu traballo diario

tratan de mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias, buscando a súa plena integración familiar e social”, subliñou o mandatario provincial.

O presidente destacou a estreita colaboración entre a Deputación de Lugo e Raiolas, que se plasma en proxectos como a gala solidaria Diez Raz10nes ou no apoio ao Centro de Día da entidade, cuxo local foi cedido e acondicionado pola institución provincial.

DEPORTES



O Dez Portas TM culmina unha tempada histórica

A tempada 2024-2025 pasará á historia do CD Dez Portas TM Lugo como un dos anos máis destacados desde a súa fundación. O club lucense asinou un balance excepcional con cinco ascensos en categorías federadas, podios en campionatos galegos e preestatais, e unha ampla representación en torneos adaptados e inclusivos. O fito máis relevante foi o ascenso do equipo principal masculino á 1ª División Nacional (PDM), un logro que sitúa ao club no mapa do tenis de mesa estatal. Ademais, o CD Dez Portas conseguiu proclamarse campión da 3ª División Nacional Masculina e da 1ª División Galega Masculina, así como da 2ª Galega co seu equipo A. O equipo B acadou o terceiro posto con ascenso incluído á 1ª Galega. No apartado feminino, o equipo da 1ª División Nacional logrou un meritorio sétimo posto nun grupo de alto nivel competitivo. Os éxitos non se limitaron ás ligas: deportistas como Ramón Becerra e Alejandro Ansede brillaron en preestatais en Zaragoza e Pontevedra,

mentres que nos Campionatos Galegos, Becerra conseguiu o título individual e en dobres masculinos e mixtos. Manuel Penalonga destacou en categoría infantil, tanto en individual como en dobres, e tamén houbo podios nas categorías alevín e adaptada. Na base, o club demostrou ter unha canteira sólida e en crecemento, con resultados notables en Xogade 2025 tanto a nivel zonal como provincial, con nomes como Mateo López, Óliver López, Jesús Cao ou Rubén Barceló entre os protagonistas. **TORNEO.** O Club celebrará o 13 de setembro a segunda edición do seu Torneo Feminino de tenis de mesa. A competición desenvolverase no Pavillón de Tenis de Mesa de Frigsa e dará comezo ás 16:30 horas. O torneo está aberto a todas as xogadoras femininas, sen límite de idade. A competición disputarase baixo o sistema mixto, cunha primeira fase por grupos e unha segunda por eliminatorias, garantindo así varios encontros para cada participante.

Conmoción no CD Lugo pola eliminación do equipo feminino

As xogadoras dos equipos femininos A e B do Club Deportivo Lugo denunciaron publicamente a desaparición de ambas as dúas seccións tras ser informadas polos seus adestradores, e non pola nova directiva do club, segundo manifestaron nun comunicado xunto. “En ningún momento fomos informadas por parte da nova dirección do Club da desaparición do equipo feminino e fixérono tarde, sen deixarnos marxe para comezar pretempadas ou atopar un novo destino para a nosa traxectoria deportiva”, sinalaron as futbolistas, visiblemente afectadas polo que consideran unha falta de respecto e transparencia. As xogadoras cualifican como “unha vergonza” que en pleno 2025 “a primeira decisión importante dun club sexa desfacerse dunha sección que leva 6 anos traballando e compite en 3ª RFEF, cunha canteira recentemente ascendida a 2ª Galega”. Así mesmo, lamentan non ter tido “nin voz nin voto” nunha decisión que pon fin a un proxecto deportivo consolidado. “A nova dirección decidiu prescindir de nós sen darnos sequera unha explicación”, denuncian. **A OPINIÓN NA RÚA.** O silencio institucional por parte do CD Lugo, que non emitiu ningún comunicado oficial confirmando nin desmentindo a desaparición do equipo feminino, xerou aínda máis malestar entre as afectadas e a sociedade lucense. Mentres algúns defenden a continuidade do equipo feminino como

un investimento en igualdade, outros xustifican a decisión argumentando razóns económicas. “É lóxico, ninguén ía ver eses partidos”, expresaban algúns usuarios. Porén, as xogadoras responderon taxantes: “O feminino non era un gasto inasumible, era un proxecto mal xestionado e sen o apoio necesario desde dentro do club”. Tamén subliñaron que máis alá da rendibilidade inmediata, o fútbol feminino representa “un investimento en igualdade, en futuro e na identidade do Club e da cidade”. Para unha das adestradoras do equipo feminino, “é unha mágoa” perder a praza en 3ª RFEF, “xa que traballamos moito estes 6 anos, pero tamén foi unha sorte poder participar desta categoría e desde o Club fíxose un labor moi grande”, defende. Así, di entender a postura das xogadoras, ás que nota “decepcionadas co feito e coa forma de proceder”, pero mantén unha opinión mediadora, na cal entende que “o Club Deportivo Lugo é unha empresa e ten que facer recortes no momento actual”. Ademais, explica que desde a dirección do club non pecharon a porta a volver contar co equipo feminino, senón que este estaría condicionado ao ascenso do primeiro equipo masculino, xa que xa de volta ao fútbol profesional, contaríase con máis orzamento para facer fronte aos gastos que supón manter o primeiro equipo, a canteira e o feminino. **CRÍTICAS DA VICEPRESIDENCIA.** Pola súa parte, a Vicepresidencia

da Deputación de Lugo amosou o seu desacordo coa decisión do Club Deportivo Lugo de suprimir os seus dous equipos femininos, unha noticia que trascendeu a través dos medios de comunicación. O vicepresidente provincial, Efrén Castro, cualificou este cambio de rumbo por parte da nova directiva como “un tremendo paso atrás despois de seis anos de traxectoria da estrutura feminina, que vai contra o avance do deporte e da sociedade lucense cara á igualdade e que fai máis pequeno ao CD Lugo”. Castro subliñou que entidades deportivas da relevancia do CD Lugo, que contan cunha capacidade económica, unha estrutura consolidada e unha importante masa social, teñen unha responsabilidade engadida como referentes para o resto dos clubs. Neste sentido, cuestionou os argumentos económicos ou de falta de rendibilidade que se esgrimiron para xustificar a desaparición dos equipos femininos, lembrando que o CD Lugo xestiona “unha cantidade importante de recursos públicos de diferentes administracións, en función precisamente da súa relevancia e proxección social”. O vicepresidente tamén puxo o foco no impacto negativo que esta decisión terá para as xogadoras, así como para as rapazas das categorías de base de toda a provincia, que verán reducidas as súas opcións para continuar desenvolvendo as súas carreiras deportivas no fútbol feminino.

A Deputación apoia ao Cidade de Lugo cun barco dragón

A Vicepresidencia da Deputación vén de apoiar con 12.000 euros a compra dun barco dragón do club Cidade de Lugo, co obxectivo de fomentar a práctica deste deporte de equipo que comezou no club lucense da man dun grupo de mulleres en proceso de recuperación de cancro de mama. A nova embarcación, que pode acoller ata 20 padexeiros, facilitará a continuidade e expansión desta iniciativa deportiva e social. O barco dragón converteuse nunha ferramenta terapéutica recoñecida pola Asociación Española de Linfedema, xa que a práctica continua do padexe contribúe a previr e mellorar esta secuela habitual tras o tratamento do cancro de mama.

O circuío Jorge Prado acollerá o Campionato de España de Motocross

O Campionato de España de Motocross Júnior celebrarase no circuío Jorge Prado a fin de semana do 20 e 21 de setembro, segundo confirmaron tras unha reunión entre o presidente e o secretario do Club Motopark, Miguel Ángel Vázquez e Martín Pérez, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias. O encontro serviu para concretar a colaboración do Goberno galego na organización do evento. Con esta cita, o circuío lucense volverá ser escenario dun campio-

nato nacional, tras acoller noutras ocasións o Nacional Elite. Nesta ocasión, competirán pilotos das categorías MX65, MX85, MXSub18, MX3 e MX4, convertendo Lugo nun referente do motocross estatal durante esa fin de semana. Durante a reunión, Javier Arias destacou o “excelente traballo desenvolvido polo Club Motopark, que consegue traer á cidade unha nova proba deportiva de primeirísimo nivel”, e lembrou que a Xunta continúa a apoiar entidades e eventos deportivos da provincia.

Noa Ulloa foi recoñecida deportista galega de base

A karateka Noa Ulloa Vázquez, integrante da Escola Deportiva Shihan de Karate, vén de ser distinguida co recoñecemento de Deportista Galega de Base. O nomeamento chega como recoñecemento á súa traxectoria deportiva, consolidada cunha destacada actuación a nivel autonómico e estatal. Noa Ulloa é actualmente a campioa galega de Kumite na categoría cadete menos de 54 quilos, un título que confirma a súa progresión no panorama do karate galego. Ademais, a deportista da Escola Shihan acadou un meritorio quinto posto no Campionato de España na mesma categoría, situándose entre as mellores competidoras a nivel nacional.



Este recoñecemento supón un impulso á súa carreira e un aval ao traballo desenvolvido tanto pola propia deportista como pola Escola Shihan, que continúa formando novos talentos no karate galego.

“Queremos que o club sexa de todos”

Pablo Castro é o presidente e alma máter de Xaquedrum, que fai 25 anos de historia

Jessica Fernández

A asociación Xaquedrum cumpre 25 anos traballando con rapaces e rapazas para promover o xadrez en Lugo. Fálanos do proxecto Pablo Castro, presidente da entidade e alma máter dun club que, ademais de formar xogadores, crea comunidade, promove valores e aposta pola educación a través dun deporte milenar. “Xaquedrum é unha entidade de voluntariado de xuventude onde utilizamos o xadrez como unha ferramenta progresal para os rapaces, tanto os máis novos como os adolescentes”. O obxectivo é dobre: por unha banda, promover o xadrez como actividade; por outra, implicar á mocidade no voluntariado e na organización das propias actividades. Todo comezou con talleres de promoción nun colexio de Lugo. “Ao principio empezamos facendo talleres no colexio Illa Verde pola tarde, como actividade extraescolar. E despois decidimos organizar un torneo grande”. Aquela primeira experiencia puxo en marcha unha dinámica que acabaría por consolidarse coa creación dunha escola e dun club federado.

Así, a escola naceu para dar continuidade aos primeiros pasos do alumnado. “Co tempo vimos a necesidade de ter un club para poder competir, xa que os rapaces que ían participando podían xogar na liga local de Lugo. E ademais, despois, cos que xogaban mellor, podías darlles unha formación máis técnica no local”.

Na actualidade, a asociación conta con uns 85 socios, pero a cifra de xogadores federados é moito maior: arredor de 320 persoas participan nalgunha das súas actividades. “Hai xente de todas as idades, desde pequenos a maiores. Temos dous grupos de iniciación e un de tecnificación. É un exercicio de interxera-

cionalidade, porque un rapaz de 10 anos pode compartir aula cun señor de 45 e compartir nivel. Aquí vai por nivel, non por idade”.

OS ÉXITOS

Xaquedrum medrou mantendo unha filosofía participativa e horizontal. “Promovemos que todo o mundo participe tanto na organización, como na actividade, como para recoller. É unha forma de que o club sexa máis seu, para que vexan que o club non é dunha persoa ou da directiva, senón que todos poden participar activamente e tomar decisións”. Moitos dos monitores actuais comezaron sendo xogadores da escola. Isto é posible grazas aos proxectos de iniciativa xuvenil da Xunta, nos que Xaquedrum participa regularmente. “Cada vez que sae a subvención colaboramos, e son proxectos onde os mozos fan todo: desde o inicio ata o final. Así séntense implicados, relaciónanse entre eles, teñen que organizarse, planificar e reflexionar sobre o que fai falta para facer a actividade. É moi interesante, porque normalmente daslles as cousas feitas, e aquí son protagonistas”.

No ámbito competitivo, Xaquedrum é unha potencia: “Somos o club con máis equipos en Galicia. Iso demostra que temos unha canteira moi grande e onde participa moita xente”.

Os éxitos individuais tamén chegan: “Este ano, Pablo López Valera foi campión de España universitario. E Marcos Iglesias chegou ao campionato de España e quedou empatado co terceiro posto. Acabou sétimo, pero con iguais puntos. Ademais, todos os equipos do club este ano mantivéronse ou ascenderon. Temos equipos en todas as divisións, e nas primeiras cases co máximo de clubes permitidos”.



AS ACTIVIDADES

Ademais da escola e da competición, Xaquedrum levou a cabo numerosas actividades e proxectos innovadores. “Fixemos moitísimas cousas”, di Castro. “Un dos momentos máis bonitos foi un intercambio con varios países. Fomos país de acollida e fixemos actividades de xadrez e tamén culturais. Estivemos en Santiago, na Coruña... Foi hai 6 ou 7 anos e foi unha experiencia moi enriquecedora para os mozos e para todos”.

Outro proxecto especialmente destacado foi unha iniciativa europea chamada Sadelia, centrada no uso do xadrez en contornas sociais. “Era unha actividade que faciamos en diferentes espazos como o psiquiátrico do HULA, con mozos con problemas xudiciais, con voluntariado... Era un proxecto moi chulo”.

A actividade do club susténtase grazas ao apoio das administracións. “Os nosos principais apoios son o Concello de Lugo, a Deputación e a Xunta. Dentro do Concello, ademais da asociación, levamos un proxecto que se chama Xadrez Escolar. A través da área de educación, intentamos promocionar o xadrez en todos os colexios de Lugo”.

Este proxecto inclúe actividades durante o horario lectivo, torneos escolares e eventos abertos á cidadanía:

“En xuño facemos o xadrez xigante na Praza Maior e en xullo no Castiñeiro. En setembro volvemos á Praza Maior e en outubro xa empezamos as clases na escola. Tamén levamos torneos ao mercado, e organizamos o torneo entre institutos”.

Este último foi unha aposta arriesgada que saíu ben: “Cada vez había máis mozos de instituto que querían aprender ou tecnificarse. Pensamos que podía ser interesante facer un torneo entre institutos. Foi moi positivo: participaron 101 xogadores e xogadoras de 6 institutos da cidade. Nalgúns centros houbo que facer fase previa porque se apuntaran 50 e só podían participar 20”.

Xaquedrum tamén traballa para facer do xadrez un deporte máis inclusivo. “O xadrez é máis deporte de rapaces. Pero intentamos promocionar para que participen cada vez máis rapazas. Este ano tivemos un equipo de nais que se implicaron. Ao principio custa arrincar, pero cada ano creo que haberá máis nais, porque unhas tiran doutras. Tamén tivemos equipos femininos. E aínda que a liga é mixta, se fas un equipo feminino elas séntense máis apoiadas e seguen xogando”.

BENEFICIOS DO XADREZ

En canto aos beneficios do xadrez,

Pablo Castro é contundente: “A capacidade de atención, a memoria... Para os maiores é moi bo. Aínda que xoguen de forma básica, están continuamente pensando onde pode ir cada peza, que lles están ameazando... É un ximnasio mental. Unha partida é un esforzo”.

Ademais, moitos adultos achéganse ao xogo con motivacións persoais: “Hai xente que pensa que o xadrez é moi difícil, pero como o introducimos nós, paso a paso, é relativamente sinxelo poder xogar. Moitos maiores queren aprender para poder xogar co seu neto ou co seu fillo”. E na infancia é onde se ven os maiores beneficios: “Cando das clases en quinto e sexto de Infantil ou primeiro de Primaria, ves que son esponxas. Só por mellorar a capacidade de atención xa paga a pena. E na adolescencia é moi interesante pola toma de decisións: é un continuo decidir e aceptar as decisións que tomas, boas ou malas, e tentar recuperar na partida”.

O FUTURO

A principal necesidade que manifesta o club é clara: un espazo digno e estable. “Levamos reclamando desde hai tempo un local específico. Un local grande, con varias aulas, un pequeno almacén... Faltan espazos. Nós necesitamos algo cedido directamente para a escola. Non pode ser que un día deas clase nun sitio e outro día noutro. Imos solucionando como poden todos os deportes, pero non é o ideal”.

De cara ao futuro, o obxectivo é claro: continuidade e crecemento. “Queremos seguir como ata agora. Aumentar matrícula, aumentar federados, facer máis actividades, ampliar a participación nos institutos...”. Xaquedrum é hoxe moito máis ca un club de xadrez. É un espazo aberto, interxeracional, educativo e comprometido. Un modelo que combina deporte, cultura, inclusión e voluntariado... sobre un taboleiro de 64 casas.

O croata Dario Drežnjak incorpórase ao Breogán

O Club Baloncesto Breogán continúa perfilando o seu equipo para a nova tempada coa incorporación do ala-pivote croata Dario Drežnjak, un xogador de 27 anos e 2,04 metros de estatura que destaca pola súa intensidade en pista, capacidade para rebotear e acerto no lanzamento de tres puntos.

Nado en Mostar (Bosnia e Herzegovina) o 24 de marzo de 1998, Drežnjak posúe tamén a nacionalidade croata e forma parte da selección absoluta deste país, coa que participou en fases clasificatorias do Eurobasket e

dos Xogos Olímpicos.

Formado nas categorías inferiores do club Široki, de Bosnia, deu o salto profesional ao KK Zadar, equipo co que competiu tanto na liga croata como na Liga Adriática (ABA).

Na última campaña, o xogador militou en dous equipos da liga italiana: o GeVi Napoli, onde asinou 7,9 puntos e 3,1 rebotes en 8 partidos, cun 42,9 % de acerto en lanzamentos de tres; e o Vanoli Cremona, con 8,1 puntos e 3,1 rebotes en 12 encontros, cun 32,6 % en triplos. Posteriormente, fichou polo Keravnos BC de



Chipre, co que disputou 10 partidos da liga regular, promediando 9,4 puntos e 4,3 rebotes en 21 minutos por encontro, cun 37,5 % de acerto desde o perímetro.

Drežnjak chega a Lugo para achegar tiro exterior, intensidade defensiva e presenza física no rebote.

O PortaMiñá destaca no Campionato Galego Júnior e Absoluto

O Club Natación PortaMiñá continúa sumando éxitos nesta tempada e vén de acadar un novo triunfo no Campionato Galego Júnior e Absoluto, onde se proclamou campión galego júnior tanto na categoría conxunta como na feminina.

Na categoría absoluta masculina, o equipo centrou os seus obxectivos nas probas de relevos, nas que obtivo uns resultados espectaculares ao bater tres récords galegos

nas modalidades de 4x50 estilos, 4x100 estilos e 4x100 libres.

As nadadoras absolutas tamén tiveron unha actuación destacada, tanto nas probas individuais como nos relevos, contribuíndo a unha excelente competición a nivel colectivo. O club pecha así unha tempada brillante, na que foi un dos grandes referentes da natación galega, destacando en todas as citas autonómicas nas que participou.

DE RUTA EN RUTA

O Vicedo: ruta da costa

Este percorrido está homologado pola Federación Galega de Montañismo e considerado Pequeno Percorrido Galego, PR-G 156

Esta ruta lineal invítanos a descubrir, seguindo camiños e estradas, a espectacular costa do Concello do Vicedo, con praias maravillosas, cantís, dunas, furnas e miradoiros naturais. Comezando no porto de O Vicedo, teremos a oportunidade de gozar dunha paisaxe costeira única, observando aves mariñas e coñecendo a Illa Coelleira, as praias de Area Grande, Xilloi, Caolín, Vidreiro, así como a Igrexa de San Estevo e a antiga Fábrica de Salazón.

VALORES NATURAIS. A ruta arranca preto do porto pesqueiro, seguindo a liña de costa e pasando por praias como a de Vidreiro, ata alcanzar o faro de Castro e a fermosa cala de Caolín, de area branca e fina. Este litoral forma parte de dous Espazos Naturais: o ZEC (Zona de Especial Conservación) e a ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) Costa da Mariña Occidental, que acollen unha importante riqueza natural. O ZEC protexe as praias, cantís e dunas expostas ao mar aberto,



cunha vexetación característica de cantís mariños onde medran especies singulares como as herbas de namorar e plantas propias de áreas dunares. Pola súa parte, a ZEPA esténdese pola franxa mariña, sendo refuxio de aves como o pilro tridáctilo, o pilro escuro, o corvo mariño cristado, o carrán común e o mazarico real, ademais de albergar a poboación reproductora de gabita, que só aniña nesta costa en Galicia.

maneira masiva ao proceso de salgadura. Ao longo do percorrido, atravesaremos aldeas que conservan valiosas mostras de arquitectura popular. O carreiro continúa pegado á costa ata un desvío, previo á praia de Xilloi, que conduce á Igrexa do Vicedo, reformada en 1794. O seu retablo neoclásico representa a lapidación de Santo Estevo, a quen a tradición atribúe unha lenda: durante un gran temporal apareceu un cadro co seu retrato na praia de Xilloi, no lugar coñecido como “altariño”. Os veciños colocaron o cadro nun carro de bois, que se detivo xusto no lugar onde hoxe se ergue a igrexa. A ruta segue pola costa ata chegar ao miradoiro que ofrece a vista máis próxima á Illa Coelleira, un espazo de gran interese ornitolóxico onde aves como o corvo mariño cristado aniñan con tranquilidade. Posteriormente,



o percorrido vai alternando tramos costeiros e de montaña ata a escondida praia de Toxido, para continuar logo bordeando a liña litoral en dirección ao miradoiro de San Román, desde onde se contempla unha impresionante

vista da Ría de Viveiro. Finalmente, a ruta descende ata a praia de Area Grande, onde se pode ver unha cruz de 5 metros que lembra un antigo naufraxio, marcando así o final deste fermoso percorrido.

DATOS



5 horas



13 quilómetros



Dificultade media



MTD

TRACTOR CUB CADET MTD MODELO RE 130H
Motor: MTD - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidad recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciones



MV MILLAVEN
AGRICOLA-JARDIN-OCIO

DESDE 1.199,00 €

ROBOT CORTACESPED POR GPS. INTELIGENCIA ARTIFICIAL HASTA 6.000M²

3.999,00 €
2.599,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo ahora y págalo en 12 meses sin intereses

FINANCIACIÓN 12
PÁGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com